



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de SETEMBRO de 2022 (1284/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día oito de setembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(729).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 25 de agosto de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(730).-PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE SELADO DE TEMPO (TSU) E DE CLAVES CENTRALIZADAS (CKC) EN HSM. EXPTE. 9920/113.

Visto o informe xurídico do 24/08/2022 e informe de fiscalización do 30/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 09/08/2022, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Admón. Electrónica, o xefe do Servizo, a concelleira-delegada de

Xestión Munnicipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

O contrato de Mantemento dos "sistemas de selado de tempo (TSU) e de claves centralizadas (CKC) en HSM" (expte. 9149/113), foi adxudicado mediante procedemento aberto, por acordo da xgl de 26/11/2020, á empresa AC CAMERFIRMA, S.A., por un prezo total de 35.695,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.195,00 euros, con cargo ás partidas 9207.2279900 (Mantemento Hardware e sist. almacenamento) e 9207.2279902 (Mantemento software).

O contrato foi formalizado en data 02/12/2020, entrando en vigor o 03/12/2020 e remata o 02/12/2022.

Fundamentos de dereito:

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.

No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que: "*Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato*".
 - No apartado 4.C das FEC figura: "*Prórroga do contrato e en caso afirmativo duración: si, dúas prórrogas de un ano de duración cada unha*".
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2021 e 2022.
 - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que "*O importe a aboar ao contratista en concepto de mantemento farase efectivo durante o primeiro semestre do exercicio, agás no primeiro ano do contrato no que o prezo se aboará no segundo semestre, e previa presentación da correspondente factura que será conformada polo responsable do contrato*".

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 14.278,00 euros, dos cales 2.478,00 euros corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2279900 (Mantemento Hardware e sist. almacenamento).

5. A empresa AC CAMERFIRMA, S.A., no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.



Concello de Vigo

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento dos “sistemas de selado de tempo (TSU) e de claves centralizadas (CKC) en HSM”.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "*En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*"

PROPOSTA

1. Autorizar a primeira prórroga do contrato para o mantemento dos “sistemas de selado de tempo (TSU) e de claves centralizadas (CKC) en HSM” (expte. 9149/113), polo período de un ano, conforme o TRLCSP e o apartado 4.C das FEC do PCAP do contrato, á empresa *AC CAMERFIRMA, S.A.*
2. Autorizar o gasto de **14.278,00** euros (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Partida	Exercicio	Base	Ive	Importe total
9207.2279900 Mantemento da TSU	2022	4.400,00	924,00	5.324,00
9207.2279900 Mantemento do sistema CKC en HSM	2022	7.400,00	1.554,00	8.954,00
Total exercicio 2022		11.800,00	2.478,00	14.278,00

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccddes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(731).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 14949/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 1/09/2022, asinado polo xefe da Área Xudicial e pola concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 13900/111

Sentenza nº 610 do 20 de xullo de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 644/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:

- inadmite o recurso municipal por razón de contía.

- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.

O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe: PO nº 329/2020 XC-A nº 2 Vigo (Ver Anexo I)

2.- Contencioso. Expediente nº 13892/111

Sentenza nº 612 do 20 de xullo de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 649/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:

- inadmite o recurso municipal por razón de contía.

- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.

O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe: PO nº 244/2020 XC-A nº 2 Vigo (Ver Anexo I)

3.- Contencioso. Expediente nº 13885/111



Concello de Vigo

Sentenza nº 617 do 20 de xullo de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 12/2022

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:

- inadmite o recurso municipal por razón de contía.
- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.

O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe: PO nº 210/2020 XC-A nº 2 Vigo (Ver Anexo I)

4.- Contencioso. Expediente nº 13884/111

Sentenza nº 616 do 20 de xullo de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 2/2022

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:

- inadmite o recurso municipal por razón de contía.
- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.

O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe: PO nº 192/2020 XC-A nº 2 Vigo (Ver Anexo I)

5.- Contencioso. Expediente nº 13829/111

Sentenza nº 611 do 20 de xullo de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 594/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación "presunta" da reclamación do 22-11-2019 (Bombeiros). Atrasos por "horas extras" e dano moral por anulación do "decreto" do 6-2-2019.

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os dous recursos de apelación interpostos polo demandante e por este Concello contra a sentenza nº 107 do 2-7-2021 (e o Auto "aclaratorio" do 26-7-2021) e:

- Estima o recurso de apelación municipal e anula o Auto do 26-7-2021 (F.D. 3º) con retroacción de actuacións ao XC-A nº 1 á data da sentenza, para nova notificación. Sen que caiba entrar na apelación do demandante.

O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe: PO nº 233/2020 XC-A nº 1 Vigo (Ver Anexo I)

6.- Contencioso. Expediente nº 14760/111

Sentenza nº 177 do 28 de xullo de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 145/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 16-2-2022 (en reposición). Sanción en materia sanitaria (mascarilla en zona verde o 27-12-2020).

Expte(s): 21830/310

Contía: 80,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula o acto por falta de competencia sancionadora sanitaria do Concello no momento dos feitos (só introducida na lexislación pola L. 8/2021) e non acreditación da tipicidade da conduta obxecto do procedemento.

Os departamentos de Sanidade, de Seguridade e o de Tesourería-Recadación municipal deben executar o resolto (con devolución de ingresos indebidos de ser o caso).

7.- Contencioso. Expediente nº 14667/111

Sentenza nº 169 do 14 de xullo de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 115/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación do 3-8-2021. RPA, caída na vía pública o 31-7-2020.

Expte(s): 6511/243

Contía: 15.383,16 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, anula a desestimación presunta e condena ao Concello ao pagamento de 7.500 €.

Por se tratar de sentenza de condena ao pagamento de cantidade determinada, a Intervención Municipal debe executala en tempo (2 meses) e forma.

O departamento de Patrimonio-RPA debe xestionar o contrato municipal de aseguramento en relación coa indemnización fixada.

8.- Contencioso. Expediente nº 14726/111

Sentenza nº 180 do 28 de xullo de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 136/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución 16-2-2022 (en reposición). Sanción Sanidade (mascarilla na vía pública o 3-2-2021).

Expte(s): 21777/310

Contía: 80,00 €



Concello de Vigo

Esta sentenza, firme, estima o recurso por carecer o Concello de competencias sancionadoras na materia (só atribuídas pola L. 8/2021, art. 45 modificado da Lei de Sanidade de Galicia) e por falta de tipicidade, anulando o acto sancionador impugnado.

Os departamentos de Sanidade, de Seguridade e o de Tesourería-Recadación municipal deben executar o resolto (con devolución como ingreso indebido de ser o caso).

9.- Contencioso. Expediente nº 14664/111

Sentenza nº 167 do 14 de xullo de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 116/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación do 14-9-2021. Indemnización por danos e perdas na prestación do servizo.

Expte(s): 39777/220

Contía: 9.664,21 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso e:

-Anula a desestimación "presunta" impugnada.

- Recoñece o dereito do demandante a cobrar unha cantidade igual á que tivese cobrado de non producirse a I.T. durante a situación de baixa laboral no ano 2018 (para determinar en execución da sentenza conforme ao previsto no F.D. 4º), con xuros legais dende a data da reclamación administrativa.

O Departamento de Persoal e a Intervención municipal deben executar o xudicialmente resolto, facendo os cálculos necesarios para cumprir o pronunciamento da sentenza en tempo e forma.

10.- Contencioso. Expediente nº 14644/111

Sentenza nº 170 do 14 de xullo de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 113/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución 24-1-2022. Sanción de tráfico, exceso velocidade.

Expte(s): 289238/280 e 144865/280

Contía: 300,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Seguridade e o de Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 14371/111

Sentenza nº 175 do 28 de xullo de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 8/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 5-10-2021. Dilixencia de embargo por sanción de tráfico.

Expte(s): 5407/550, 111036/700 e 288363/280

Contía: 2.034,91 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
A Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 14818/111
Auto nº 61 do 21 de xullo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 179/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación do 21-3-2022. Solicitud do 29-10-2021 de rectificación de autoliquidacións (do 13-12-2017 e datas posteriores) de IIVTNU.
Expte(s): 63474/514

Esta resolución, que non é firme, inadmite o recurso por falta de esgotamento da vía administrativa (reclamación económico-administrativa preceptiva).
A Dirección de Ingresos (IIVTNU) debe coñecer o resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómasse coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ANEXO I

Procedementos conexos nos Xulgados do Contencioso-Administrativo nº 1 e 2 de Vigo, correspondentes aos recursos de apelación interpostos por persoal do Servizo de Extinción de Incendios.

EXPTE	N.º RCA	XULG.	N.º EXP- TE. APELAC.	N.º APELACIÓN
13000-111	185/2020 PO	XCA 1	13818-111	576/21
13001-111	191/2020 PO	XCA 1	13819-111	587/21
13002-111	192/2020 PO	XCA 1	13820-111	573/21
13003-111	193/2020 PO	XCA 1	13822-111	589/21
13004-111	194/2020 PO	XCA 1	13823-111	578/21
13005-111	204/2020 PO	XCA 1	13824-111	588/21
13010-111	190/2020 PO	XCA 1	13825-111	575/21
13012-111	208/2020 PO	XCA 1	13817-111	579/21
13015-111	215/2020 PO	XCA 1	13826-111	583/21
13016-111	216/2020 PO	XCA 1	13827-111	582/21
13090-111	243/2020 PO	XCA 1	13828-111	584/21
13095-111	233/2020 PO	XCA 1	13829-111	594/21
13097-111	244/2020 PO	XCA 1	13830-111	586/21
13153-111	242/2020 PO	XCA 1	13832-111	577/21
13154-111	241/2020 PO	XCA 1	13833-111	591/21
13293-111	324/2020 PO	XCA 1	13834-111	585/21
13297-111	325/2020 PO	XCA 1	13835-111	581/21
13306-111	327/2020 PO	XCA 1	13836-111	574/21
13311-111	323/2020 PO	XCA 1	13837-111	590/21

13313-111	333/2020 PO	XCA 1	13838-111	580/21
13355-111	339/2020 PO	XCA 1	13839-111	593/21
13373-111	10/2021 PO	XCA 1	13840-111	592/21

EXPTE	N.º RCA	XULG.	Nº EXPTE. APELAC.	N.º APELACIÓN
12953-111	185/2020 PO	XCA 2	13876-111	18/22
12954-111	188/2020 PO	XCA 2	13877-111	15/22
12955-111	189/2020 PO	XCA 2	13878-111	648/21
12956-111	190/2020 PO	XCA 2	13879-111	10/22
12961-111	193/2020 PO	XCA 2	13880-111	8/22
12962-111	194/2020 PO	XCA 2	13881-111	647/21
12966-111	191/2020 PO	XCA 2	13882-111	640/21
12967-111	192/2020 PO	XCA 2	13884-111	2/22
12980-111	210/2020 PO	XCA 2	13885-111	12/22
12983-111	211/2020 PO	XCA 2	13886-111	651/21
12984-111	217/2020 PO	XCA 2	13887-111	652/21
13006-111	218/2020 PO	XCA 2	13889-111	17/22
13024-111	233/2020 PO	XCA 2	13890-111	9/22
13033-111	241/2020 PO	XCA 2	13891-111	650/21
13034-111	244/2020 PO	XCA 2	13892-111	649/21
13035-111	239/2020 PO	XCA 2	13893-111	646/21
13100-111	257/2020 PO	XCA 2	13894-111	1/22
13286-111	324/2020 PO	XCA 2	13895-111	645/21
13287-111	328/2020 PO	XCA 2	13896-111	11/22
13289-111	325/2020 PO	XCA 2	13898-111	46/22
13290-111	330/2020 PO	XCA 2	13899-111	13/22
13294-111	329/2020 PO	XCA 2	13900-111	644/21
13298-111	332/2020 PO	XCA 2	13901-111	641/21
13299-111	336/2020 PO	XCA 2	13902-111	643/21
13372-111	7/2021 PO	XCA 2	13903-111	642/21

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

4(732).- AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA E LIBRAMENTO A XUSTIFICAR EN CONCEPTO DE INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO PARA ASISTENCIA A ACTIVIDADE FORMATIVA “PLAN DE RECUPERACIÓN NEXT GENERATION EU. PLANES ANTIFRAUDE. GESTIÓN DE FONDOS NEXT GENERATION VINCULADOS A OBJETIVOS ODS AGENDA 2030”, CONVOCADO POLO INSTITUTO NACIONAL DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (INAP). EXPTE. 6804/241.

Visto o informe de fiscalización de data 30/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 24/08/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Por Resolución do 6 de xuño de 2022, o Instituto Nacional de Administración Pública convocou actividades formativas descentralizadas do subprograma de desempeño en Entidades Locais para o segundo semestre de 2022 entre as que se encontra a actividade formativa “Plan de recuperación Next Generation EU. Planes antifraude. Gestión de fondos Next Generation vinculados a objetivos ODS Agenda 2030” a celebrar entre os días os días 21 a 27 de setembro de 2022 en Formentera (Illas baleares).

Entre os asuntos a tratar no curso están os seguintes:

- Plan de medidas antifraude OM HFP 1030/2021
- Xestión de fondos Next Generation mediante planificación de programas operativos vinculados a obxetivos ODS.
- Indicadores seguimento obxetivos ODS en proxectos financiados con Fondos Next Generation
- Control interno en materia de subvencións, recibidas e outorgadas.
- Auditoría operativa sobre expedientes Next Generation.
- Taller práctico sobre a materia.
- Proba de avaliación: plan de mellora do posto de traballo do asistente coas ferramentas adquiridas.

O contido da actividade detállase no programa axunto no tramite 3 da xestión de expedientes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Tendo en conta que para o avance e modernización das administracións públicas é necesario contar con efectivos capacitados en habilidades directivas, que dispoñan non só dos coñecementos e formación suficientemente actualizada para facer fronte aos retos aos que deben enfrontarse, nun escenario de constante cambio, senón que se impliquen na cultura de mellora continua e orientación cara a excelencia nas Administracións Públicas, así como á máxima especialización técnica e directiva nos ámbitos materiais e funcionais concretos, considerase necesaria a asistencia da

funcionaria D^a Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do servizo de Contratación, a citada actividade formativa.

A Base 36^a das vixentes Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o ano 2022, baixo o epígrafe “Indemnizacións por razón de servizo” dispón que:

“As axudas de custo a percibir polos membros da Corporación, funcionarios/as e demais persoal do Concello para satisfacer os gastos que orixine o desprazamento e a estancia fóra da residencia oficial adaptaranse ao disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións complementarias”

(...)

No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas, en que se percibirá o 100 % de ditos gastos, porcentaxe que se reducirá ao 50 % cando dita hora de saída sexa posterior as catorce horas pero anterior ás 22 horas. No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluír a comisión sexa posterior as 14 horas, en cuxo caso percibirase, con carácter xeral, unicamente o 50 % dos gastos de manutención.

(...)

Cando a orden da comisión o autorice, serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, una vez xustificadas documentalmente, os gastos de desprazamento en taxi entre as estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos e o lugar de destino da comisión ou lugar da residencia oficial, segundo se trate de ida ou volta, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, en dito lugar, relacionadas co servizo de que se trate”

Dado que o curso se desenvolve en Formentera (Illas Baleares), a funcionaria que subscribe ten que desprazarse alí o día anterior ao do inicio da actividade e tendo en conta a dificultade do acceso solicitan oito dietas enteiras correspondentes ós días 20, 21, 22,23,24,25,26e 27 de setembro de 2022.

En mérito ao exposto propónse a Xunta de goberno local a adopción do seguinte acorsolicítase a Xunta de goberno Local

“1º.- Autorizar a asistencia da funcionaria municipal D^a Beatriz Barbará Rodríguez, con nº de persoal 79572, a actividade formativa o “Plan de recuperación Next Generation EU. Planes antifraude. Gestión de fondos Next Generation vinculados a objetivos ODS Agenda 2030” que convocada polo INAP vaise celebrar entre os días os días 20 a 27 de setembro de 2022 en Formentera (Illas baleares).

2º.- Autorizar as indemnizacións por razón do servizo xeradas pola asistencia ao citado curso dispoñéndose que polo Servizo de Contratación se proceda á tramitación do correspondente expediente de gasto mediante nota de gastos por importe máximo de 1.526,96 euros, distribuídos do seguinte xeito:



Concello de Vigo

- 8 dietas completas (aloxamento e manutención) 826,96 euros correspondentes aos días 20, 21,22,23,24,25,26 e 27 de setembro de 2022, que se imputarán á aplicación orzamentaria 9206.230.20.00.
- Desprazamento en avión, barco e taxi: 700 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 9206.231.20.00.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(733).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA" EXPTE. 640/441.

Visto o informe de fiscalización do 05/09/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada con data 02/09/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Julio Roberes De Cominges

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con datas 7 e 8 de marzo de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL DEZANOVE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (274.019,36 euros), sendo o importe correspondente ao IVE de 47.557,08 euros.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.60 "Human. Tercio de Afora", provinte da modificación orzamentaria nº 12/2022, crédito extraordinario e suplemento de crédito (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	274.019,36 €
------	--------------

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir a NAROM S.L. por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade e non presentar xustificación algunha sobre a devandita condición de oferta con valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ORECO BALGON S.A.	34,61
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	31,83

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON S.A. (A-36614691), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Concello de Vigo

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, S.A., o día 11 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 22 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de agosto de 2022 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de 3 días ao licitador para poder presentar o anexo IV do PCAP esixido na cláusula 22.

Dentro do prazo concedido o licitador presentou a documentación requirida.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 2 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO BALGON, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO BALGON, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 20 e 21 de xuño e 1 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da resolución adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), do 10 de agosto de 2022, pola que se exclúe a NAROM S.L. por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade e non presentar xustificación algunha sobre a devandita condición de oferta con valores anormais ou desproporcionados.*
2. *Adxudicar a ORECO BALGON, S.A. (A-36.614.691) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441) por un prezo total de 274.019,36 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 47.557,08 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(734).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "ENCAUZAMENTO DAS ESCORRENTÍAS SUPERFICIAIS NO CONTORNO DA RÚA PAZ PARDO" . EXPTE. 1082/441.

Visto o informe de fiscalización do 05/09/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada con data 02/09/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "ENCAUZAMENTO DAS ESCORRENTÍAS SUPERFICIAIS NO ENTORNO DA RÚA PAZ PARDO", redactado polo redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Julio Roberes De Cominges.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral en data 05.04.2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS TRINTA E OITO MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (238.875,99 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 41.457,82 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.6190092 "Mellora drenaxe entorno E.Vella, Rúa Paz Pardo", provinte da modificación orzamentaria nº 12/2022, crédito extraordinario e suplemento de crédito (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	238.875,99 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta deGoberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir a NAROM S.L. por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade e non presentar xustificación algunha sobre a devandita condición de oferta con valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	93,56
2	LAPATIÁN, S.L.	63,56

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36008886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), o día 12 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 25 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 2 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo cos informes de



Concello de Vigo

valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 21 de xuño e 1 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de NAROM S.L adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de agosto de 2022, por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade e non presentar xustificación algunha.*
2. *Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441) por un prezo total de 227.983,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.567,34 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(735).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS PARA A XESTIÓN DO "CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL" (CIIES). EXPTE. 230850/301.

Visto o informe de fiscalización do 05/09/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada con data 02/09/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230.850-301)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230.850-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación de servizos, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) do Concello de Vigo (R/Marqués de Valterra nº 6) e do Piso de Transición á Vida Autónoma (PTVA), que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica, o Prego de Prescricións Técnicas (con Anexos do persoal subrogable e dos custos salariais desagregados: trámites núms. 132, 26 e 27, respectivamente), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 19.04.2022 (trámite n.º 175), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 38-40) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato 3.426.257,88 € (IVE incl.), que se imputará á aplicación nº 2310.227.99.13 (“Prestación servizo Centro de Servizos Sociais”) dos vixentes orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades (con IVE):

- 2022: 95.173,83 €
- 2023: 1.142.085,96 €
- 2024: 1.142.085,96 €
- 2025: 1.046.912,13 €

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión de Fundación SAMU acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de agosto de 2022 por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I - FEC- do PCAP.



Concello de Vigo

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230850-301) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	93,73 puntos
2	GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL S.A.U.	87,00 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRUZ ROJA ESPAÑOLA (Q-2866001G), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- ("A empresas licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia (RUEPSS)").*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRUZ ROJA ESPAÑOLA, o día 23 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 26 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 2 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CRUZ ROJA ESPAÑOLA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor

do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CRUZ ROJA ESPAÑOLA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 2 e 9 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de Fundación SAMU acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de agosto de 2022, por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I - FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a CRUZ ROJA ESPAÑOLA (Q-28.660.01G) o procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230.850-301) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 3.084.324,52 euros, exento de IVE.*
 - b) *Comprométese a achegar 2 medias xornadas laborais anuais, durante todo o período do contrato, sen custe adicional para o Concello, de titulados superiores ou diplomados a maiores dos previstos como recursos persoais para reforzar os servizos que determine o responsable do contrato en función das necesidades do centro.*
 - c) *Comprométese a aportar unha media xornada laboral anual de limpador/a durante o período do contrato, sen custe adicional para o Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

8(736).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DO VIII PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 6795/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/08/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e conformado pola titular de Asesoría Xurídica Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras do VIII Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto das obras do VIII Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión ordinaria do 28 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación das obras do VIII Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de xuño de 2022, acordou adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o contrato das obras do VIII Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (expediente nº 10661-307).

Terceiro.- O contrato formalizouse o 27 de xuño de 2022, asinándose na mesma data a acta de comprobación de replanteo, dando inicio as obras o día seguinte.

Cuarto.- O prazo do contrato é de 3 meses e non ten previstas prórrogas.

Quinto.- En data 15 de maio de 2022, recíbese por correo electrónico comunicación asinada por M^a del Carmen Rodríguez Frieiro, actuando como presidenta da Comunidade de propietarios do edificio do número 59 da Travesía de Vigo no que indica, en relación co permiso que ten concedido esa Comunidade para que o Concello de Vigo execute un mural neste enderezo, que a Comunidade decidiu rescindir o devandito permiso.

Sexto.- En vista do anterior, con data 25 de maio de 2022, requírese á presidenta da Comunidade de propietarios do edificio do número 59 da Travesía de Vigo para que o aporte no prazo máximo de quince días a certificación do acordo correspondente da devandita Comunidade.

Septimo.- En data 15 de xuño de 2022 preséntase polo Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (Cod. solicitude: W712891-8419) a Acta da Xunta Xeral de Extraordinaria da Comunidade de Propietarios de Travesía de Vigo, 59 de 14 de xuño de 2022 na que se aproba a anulación do acordo da Xunta Xeral Ordinaria do 2 de novembro de 2021 no que se solicitaba ao Concello a súa participación no programa de medianeiras na fachada trasera-lateral do seu edificio.

Oitavo.- Consta no expediente autorización dos propietarios do inmovible sito na Avenida de Madrid, nº 24 para a súa participación no VIII Programa de medianeiras.

Noveno.- En data 12 de xullo de 2022 a Xefa da Unidade de Patrimonio histórico e a Arquitecta Técnica Aparelladora e responsable do contrato solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato coa finalidade de substituír o espazo sito en Travesía de Vigo, 59 pola medianeira da Avenida de Madrid, 24 no marco do VIII Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública.

Décimo.- Con data do 13 de xullo de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do procedemento aberto das obras do VIII Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (Expediente 10661-307), por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación consiste en substituír o espazo sito en Travesía de Vigo, 59 pola medianeira da Avenida de Madrid, 24 no marco do VIII Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública, sin que este cambio supoña alteración algunha do contido económico do contrato.

3º.- Dar audiencia ao adxudicatario, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.

Undécimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, manifestou a súa



Concello de Vigo

conformidade en escrito de data 22 de xullo de 2022.

Duodécimo.- Consta no expediente documentación complementaria al proyecto de “8a PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANERAS Y OTROS ELEMENTOS VERTICALES CON INCIDENCIA SOBRE LA VÍA PÚBLICA”, elaborado pola Arquitecto Técnico autora do proxecto co motivo do cambio de ubicación dun dos murais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do

contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato no apartado 15 do Anexo I -FEC- nos seguintes termos:

“14. MODIFICACIÓN DO CONTRATO:

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: *si*

B) ASPECTOS A MODIFICAR: *eliminación dalgún espazo de actuación ou a substitución por outro diferente*

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN: *a aparición de circunstancias non contempladas que motiven a imposibilidade de execución do tratamento previsto nalgún dos espazos obxecto do contrato, como consecuencia de vicios ocultos, de anulación do permiso da propiedade do espazo no que se pretende actuar, ou de problemas relacionados con algún dos artistas*

D) LÍMITES DA MODIFICACIÓN: *20% do prezo do contrato*

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN: *non se contemplan”*

Con carácter previo á exposición da modificación proposta é preciso indicar cal é o obxecto do contrato que nos ocupa. Segundo o apartado 2.A da FEC do PCAP son “a execución das obras do proxecto de “VIII Programa de pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública.”



Concello de Vigo

A **modificación** obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de substituír o espazo sito en Travesía de Vigo, 59 pola medianeira da Avenida de Madrid, 24 no marco do VIII Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública, polos motivos enumerados nos antecedentes quinto a sétimo, de cara a introducir un novo espazo no que poida pintar a artista contratada para o mesmo, sin que este cambio supoña alteración algunha do prezo do contrato referido tal e como establece o informe da Xefa da Unidade de Patrimonio histórico e da Arquitecta Técnica Aparelladora e responsable do contrato de data 12 de xullo de 2022.

Podemos concluír, á vista do anterior e do informe do servizo que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece á substitución de un espazo de actuación por outro.
- Non supón alteración algunha do prezo do contrato.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado o trámite de audiencia o contratista, esta manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: mantemento do número de medianeiras inicial establecido no contrato de cara a acadar o seu obxectivo de promoción da cultura, de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, da posta en valor do patrimonio da cidade, da mellorar da calidade de vida da cidadanía, así como, de dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación non supón alteración algunha do prezo do contrato, non é preciso compensar ao contratista.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. No presente caso como a modificación non ten custo económico non é preciso modificar a garantía.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre



Concello de Vigo

contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o procedemento aberto das obras do VIII Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (Expediente 10661-307), por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación consiste en substituír o espazo sito en Travesía de Vigo, 59 pola medianeira da Avenida de Madrid, 24 no marco do VIII Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública, sin que este cambio supoña alteración algunha do contido económico do contrato.

3º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(737).- RECTIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO MANTENIMENTO DO SISTEMA DE CONTROL HORARIO. EXPTE. 39066/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/09/2022, asinado a técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e conformado pola titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de agosto de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- *Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro e servizo do mantemento do sistema de xestión de presenza Visual Time:*

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación de data 12/01/2022 co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Orde de inicio do expediente de 13/01/2022.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 06/06/2022 asinado pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 19/07/2022, asinado pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal .

- Memoria económica do contrato de datas 23/05/2022 e 19/07/2022, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal .

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 23/05/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Xefa do de Servizo de Contratación de data 28/07/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 28/07/2022.

SEGUNDO.- *Autorizar o gasto de **37.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **6.421,49 €**, dende o 1 de setembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:*



Concello de Vigo

Exercicio	Concepto	Partida	Importe	IVE
2022	MANTEMENTO SOFTWARE	9207.2279902	36.000,00 €	6.247,93 €
2022	SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270603	500,00 €	86,78 €
2023	SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270603	500,00 €	86,78 €
TOTAL			37.000,00 €	6.421,49 €

TERCEIRO.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”.*

II.- Aprobado o expediente detectouse un erro material no prego de cláusulas administrativas particulares ao faltar un dos dous códigos CPV necesarios para a licitación, en concreto o CPV - 48000000-8 *Paquetes de software e sistemas de información.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos

A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

Pola súa parte, a lexislación de contratos do sector público autoriza a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares con posterioridade a súa aprobación polo órgano de contratación nos casos de erro material, de feito ou aritmético (artigo 122.1 LCSP).

No caso que nos ocupa detectouse un erro de carácter material no apartado 2B “CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO” do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares, concretamente o prego establece no citado apartado un único código CPV, o 72267100- *Mantemento de software de Tecnoloxía da Información* cando debería figurar tamén o CPV 48000000-8 *Paquetes de software e sistemas de información.*

-II-

Da natureza do erro e non procedencia da aplicación do artigo 136.2 LCSP

No caso que nos ocupa o erro detectado no apartado 2B “CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO” do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares ten a consideración de erro material por ser un erro no que concurren as seguintes circunstancias establecidas polo Tribunal Supremo en múltiples sentencias

(STS 18 de xuño de 2001 (recurso de casación núm. 2947/1993); STS de 5 de novembro de 2002 (recurso de casación núm. 2225/1998); STS 15 de decembro de 2003 (recurso de casación núm. 3804/2001), entre outras), "a) que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcripcións de documentos; b) que o erro se aprecie atendendo exclusivamente aos datos do expediente administrativo no que se advirte; c) que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables; d) que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos; e) que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica); f) que non padeza a subsistencia do acto administrativo é dicir, que non xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobres bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador ha de mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade rectificatoria de oficio, encubrir unha auténtica revisión."

A cualificación do erro como "material" permite, en consecuencia, a corrección do prego en base ao disposto no artigo 122.1 LCSP.

Por outra banda, non procede a aplicación do artigo 136.2 LCSP referido establece a obriga dos órganos de contratación de ampliar o prazo inicial de presentación de ofertas en dous supostos: cando por calquera razón os servizos dependentes do órgano de contratación non atendesen o requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación consonte ó previsto no artigo 138 da LCSP; e, no caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación.

Tendo en conta que a detección do erro produciuse con anterioridade á publicación do anuncio de licitación e, polo tanto, non se iniciou o correspondente prazo de presentación de ofertas, non procede a aplicación do devandito artigo.

-III-

Competencia

Fundamentada a natureza material do erro, a competencia para aprobar a corrección de erros correspóndelle á Xunta de Goberno Local na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte resolución:



Concello de Vigo

"1º.- Rectificar o apartado 2B "CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO" do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do mantemento do sistema de control horario, que quedará redactada como segue:

- Onde di:

B) CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO:

- CPV: 72267100- Mantemento de software de Tecnoloxía da Información*

- Debe dicir:

B) CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO:

- CPV: 72267100- Mantemento de software de Tecnoloxía da Información e 48000000-8 Paquetes de software e sistemas de información."*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(738).- TOMAR RAZÓN DA SUCESIÓN POR TRANSMISIÓN DE RAMA DE ACTIVIDADE DE MANTENIMIENTO, SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS Y ASESORÍA, S.L. A FAVOR DE FAIN ASCENSORES S.A NO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS APARATOS ELEVADORES INSTALADOS EN EDIFICIOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9036/336.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/08/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Concelleiro Delegado de Educación e Xuventude, en data 29 de xullo de 2020 acorda a adxudicación a MANTENIMIENTO, SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS Y ASESORIA, S.L. (B-27875467) (MSCA) do procedemento aberto simplificado de

tramitación abreviada para a contratación do servizo de mantemento integral dos aparatos elevadores instalados en edificios dependentes da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo (9036-336), formalizándose o contrato mediante a firma da adxudicataria en data 5 de agosto de 2020 e iniciándose as prestacións por un prazo de tres anos.

Segundo.- O 6 de xuño de 2022, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello (documento nº 220123133) a empresa MSCA comunica que con data 26 de abril de 2022, reúnense en Xunta Universal todos os socios de MSCA acordando por unanimidade a venda da rama de actividade e a súa correspondente carteira de clientes (ascensores e aparellos de elevación) a FAIN ASCENSORES, S.A. (A-28303485).

Terceiro.- En data 26 de xullo de 2022 MSCA o documento de elevación a público, de data 20 de xullo de 2022, do contrato de compra-venda entre de MSCA E FAIN ASCENSORES, S.A. subscrito polas partes en data 29 de abril de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Segundo o artigo 98 “Supostos de sucesión do contratista” da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público “nos casos de división, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúe o contrato, que se subrogará nos dereitos e obrigas derivados dela, sempre que cumpra as condicións de capacidade, ausencia de prohibición para contratar e a solvencia requirida ao acordar a adxudicación ou que as distintas empresas beneficiarias das operacións mencionadas e, se subsisten, a empresa da que proceden os activos, empresas ou sucursais segregadas, son responsables solidarios da execución do contrato. Se a subrogación non se puidese producir porque a entidade á que se atribúe o contrato non reúne as condicións de solvencia necesarias, rescindirase o contrato, considerándose a todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario”.

Segundo.- A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP)

Á vista das anteriores consideracións, propónse a adopción do seguinte acordo:

“Tomar razón da sucesión por transmisión de rama de actividade de MANTENIMIENTO, SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS Y ASESORIA, S.L. a favor de FAIN ASCENSORES, S.A., responsabilizándose solidariamente da execución do contrato de servizo de mantemento integral dos aparatos elevadores instalados en edificios dependentes da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo (9036-336), adxudicado por acordo do Concelleiro de Educación e Xuventude do 29 de xullo de 2020”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

11(739).- PROXECTO DE CONVENIO COA “UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ACTIVIGO DE ASESORAMENTO A PERSOAS AFECTADAS POR ERTE E PERSOAS DESEMPREGADAS. EXPTE. 19413/77.

Visto o informe de fiscalización do 01/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 24/08/2022, asinado pola xefa de Desenvolvemento local , o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. D. José Luis Fernández Celis, co DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, co CIF G15383011 solicita, mediante escrito remitido en data 26/07/2022 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (nº de doc. 2120186070 e 220186088, e con data 02/08/2022 o doc. nº 220191603) a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio para o desenvolvemento do "Programa AcCTIVIGO", achegando a seguinte documentación complementaria:

- certificado de titularidade da conta bancaria.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 30/03/2021.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 30/03/2021.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 30/03/2021.
- declaración xurada de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- declaración responsable das axudas recibidas para o programa.
- orzamento de gastos do proxecto (01-01-2021 – 30-09-2021)
- memoria do Proxecto Activigo _Asesoramento persoas afectadas por ERTE, e persoas desempregadas.

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 488-96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800001 “Convenio UGT Fomento do Emprego”, por importe de 37.000,00 €.

IV. En data 01/08/2022 o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio ao ter por obxecto o fomento do emprego para a realización de diversas liñas de actuación, encamiñadas ao asesoramento das

persoas traballadoras afectadas polo ERTE, e mellorar as expectativas de emprego das persoas desempregadas, sendo preciso para o interese xeral.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 02/08/2022 do adxunto do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Unión General de trabajadores de Galicia” no marco do plan municipal de emprego, mediante o desenvolvemento do Programa ACTIVIGO, no deseño e dirección das políticas activas de emprego, de cara a mellorar a empregabilidade mediante a realización de diversas liñas de actuación encamiñadas ao asesoramento das persoas traballadoras afectadas polo ERTE e a mellora das expectativas de emprego das persoas desempregadas

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Unión General de trabajadores de Galicia non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2022.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:



Concello de Vigo

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

Pola outra parte, asinará o convenio don D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, co CIF G15383011, ou representante debidamente acreditado, de ser precisa a súa substitución, segundo resultou acreditado mediante poder notarial referido nos antecedentes.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016 e 2017, mediante a sinatura de convenios coa “Unión General de trabaxadores de Galicia”, para a o desenvolvemento do “Proxecto Activigo”*

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L.

3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, especialmente necesario nas circunstancias actuais, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19 e da guerra de Ucraína.

Nesta liña, e mediante resolución de delegación de competencias da Alcaldía, de 17 de agosto de 2021, se encomendou ao concelleiro de Cultura e Emprego, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade, de cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras. Deste xeito, dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, debemos de ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio á mocidade e ás persoas desempregadas de longa duración, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de 37.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4800001 “Convenio UGT Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/20221 ao 30/09/2022).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no



Concello de Vigo

momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade solicitante está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa

por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Federación provincial de Hostelería de Pontevedra (FEPROHOS)* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. Explicítase no pacto oitavo a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada no convenio, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará **o 15 de outubro de 2022**.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal*.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación



Concello de Vigo

presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “Unión General de Trabaxadores de Galicia”, co CIF G-5383011 no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do Programa Activigo.
- Autorizar o gasto de **37.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800001 “Convenio UGT Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022.
- Facultar ao Concelleiro de Cultura e Emprego, Abel Fermín Losada Álvarez, para asinar o citado convenio.
- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditir e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “ACTIVIGO” DE ASESORAMENTO DE PERSOAS AFECTADAS POR ERTE E PERSOAS DESEMPREGADAS (EXPTE. 19413/77)

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Fermín Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro de Cultura e Emprego, en nome e representación do Concello de Vigo (CIF P3605700H), co enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da Unión General de trabajadores de Galicia, co CIF G-5383011 e domicilio social na Rúa E. Heraclio Botana, 2 / Avda. García Barbón, 67, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 19413-77, persoa responsable da sinatura do presente convenio segundo poder notarial presentado no Rexistro electrónico do Concello o 26/07/2022.

E, actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal, e dando fe do acto que se celebra.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016 e 2017, mediante a sinatura de convenios coa “UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA”, para a o desenvolvemento do “Proxecto ACTIVIGO”*

Neste marco normativo, cómpre subliñar que o fomento do emprego constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal (acordo da Xunta de Goberno Local do 09/03/2012) en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, especialmente necesario nas circunstancias actuais, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19 e a guerra de Ucraína.

Dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, cómpre ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio á mocidade e ás persoas desempregadas de longa duración, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos



Concello de Vigo

obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego das persoas máis vulnerables cara a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, e para iso cómpre poñer á súa disposición tanta información e orientación sexa posible, e moi especialmente da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración e que se concretan na realización dunha serie de actividades informativas e participativas, fomentando mediante o coñecemento e, a súa implicación a creación de emprego, procurando que os custes do convenio de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias a Unión General de Trabaxadores de Galicia.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta e a formación de persoas desempregadas o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa Unión General de Trabaxadores de Galicia.

A colaboración coa Unión General de Trabaxadores de Galicia, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio do persoal do propio sindicato, con un gran coñecemento do entorno laboral e experiencia no apoio ás persoas mozas e as persoas desempregadas de longa duración, permitirá desenvolver políticas de busca de emprego, de tal xeito que lles permita a súa incorporación ao mundo laboral.

MANIFESTAN

I.- Que a Unión General de Trabaxadores de Galicia, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 26/07/2022 cos nº de doc. 2120186070 e 220186088, e con data 02/08/2022 o documento nº 220191603, ten entre outros, os seguintes obxectivos:

1. Asesoramento sindical e xurídico das persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego ou que perderan o seu posto de traballo.
2. Acompañamento na reincorporación ao posto de traballo prestando especial atención ao cumprimento das normas sanitarias e de Seguridade e Saúde laboral.
3. Recompilación de toda a información existente respecto das medidas ordinarias e extraordinarias no eido económico, laboral, social e de todos os programas de fomento de emprego das diferentes administracións.
4. Difusión da información a través de:
 - Programación de reunións de traballo.
 - Atención directa.
 - Contacto e negociacións con diferentes asociacións e organizacións empresariais.
 - Acompañamento e axuda na inscrición aos Programas.
 - Información e difusión.

II.- Que o Concello de Vigo recoñece á Unión General de Trabadores de Galicia, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencia que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xeral, e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión General de Trabadores de Galicia entre as persoas desempregadas de todos os sectores e idades, e a falta de persoal especializada na elaboración deste tipo de traballos de difusión, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2022, para o desenvolvemento dun convenio coa UGT para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

V.- Que a Unión General de Trabadores de Galicia non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público e social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión General de Trabadores de Galicia, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS



Concello de Vigo

Primeiro.- A Unión General de Trabaxadores de Galicia comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura e Emprego do Concello de Vigo en canto a desenvolver un proxecto para axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao pór a disposición deles tanta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor e da concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, das seguintes actividades:

1. Asesoramento sindical e xurídico das persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego ou que perderan o seu posto de traballo.
2. Acompañamento na reincorporación ao posto de traballo prestando especial atención ao cumprimento das normas sanitarias e de Seguridade e Saúde laboral.
3. Recompilación de toda a información existente respecto das medidas ordinarias e extraordinarias no eido económico, laboral, social e de todos os programas de fomento de emprego das diferentes administracións.
4. Difusión da información
5. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego, o lugar, datas e duración das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite realización dalgunha das actividades previstas.
6. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
7. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego- como **patrocinador** das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
8. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
9. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- Respetar a estrutura organizativa da Unión General de Trabaxadores de Galicia.
- Conceder directamente á Unión General de Trabaxadores de Galicia unha subvención por importe de 37.000,00 €, dos que 36.500,00 € corresponden aos

custes salariais e de seguridade social do persoal da propia entidade e 500,00 € para gastos correntes, necesarios para o desenvolvemento do proxecto, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800001 “Convenio UGT Fomento do emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

-Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura e Emprego.



Concello de Vigo

Sétimo.- A presente subvención rexistrárase na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión General de Trabadores de Galicia mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **15 de outubro de 2022**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>. A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 01 de xaneiro e o 30 de setembro de 2022.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. A xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo do convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo sexto.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión General de Trabaxadores de Galicia no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despreparará os seus efectos ata o 31/12/2022.



Concello de Vigo

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura dixital.

12(740).- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE FUNDACIÓN CIP, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO “PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2022”. EXPTE. 11510/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/08/2022, asinado pola xefa de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, por Acordo de data 22 de xullo de 2022, aprobou a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2022”. Ao abeiro deste acordo, á entidade Fundación CIP, con CIF G15849318, expediente 11510/224, foille concedida unha axuda por importe de 2.250,16 € para a realización do proxecto “Formación para a incorporación da perspectiva de xénero cualificada”.

Con data 3 de agosto de 2022 (documento núm. 220192843), a Fundación CIP presenta escrito, modificado en data do 29 de agosto (documento núm. 220209756), renunciando de xeito expreso á subvención concedida.

Atendendo ao establecido na Base décimo cuarta do programa de subvencións, “a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Quedar informada da renuncia presentada pola entidade Fundación CIP, con CIF G15849318, á subvención concedida por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xullo de 2022 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2022*”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(741).- PRÓRROGA DA PRIMEIRA ANUALIDADE DO CONTRATO DE SERVIZOS DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE

PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14428/306.

Visto o informe xurídico do 26/08/2022 e informe de fiscalización do 31/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/08/2022, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, a concelleira-delegada de Medio Ambiente e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

I.1.- D. Andrés Pastoriza Negreira en nome e representación da entidade Salvar, Formar, y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, (doc. 22017790, data 07/07/2022) solicita a prórroga do contrato do que é adxudicataria, servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais de Vigo (expte. 14428/306), de acordo co establecido nos pregos que rexen o contrato.

I.2.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do día 30 de abril de 2020, adxudicou á entidade Salvar, Formar, y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (Expte. 14428/306) por un importe de 1.766.253,95 euros.

O contrato formalizouse en documento administrativo en data do 26 de maio de 2020.

O importe da anualidade 2022 é de 598.812,75 €, dos que 334.681,78 € son con cargo á partida 1720.227.01.00 "Vixilancia Praias" (AD 27947/2022) e 264.130,97 € con cargo á partida 1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias" (AD 27948/2022).

I.3.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do día 26 de maio de 2022, aprobou a modificación do procedemento aberto para para a contratación do servizo vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo (expediente 14428-306), incluíndo neste o areal de Santa Baia.

A modificación supón un incremento anual do importe total do contrato de 31.791,76 euros (IVE incluído), que representa un 1,80% do prezo do contrato. Aboarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 21.945,38 euros con cargo á partida 1720.227.01.00 "Vixilancia Praias".
- 9.846,38 euros con cargo á partida 1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias".

A modificación formalizouse en documento administrativo en data 15 de xuño de 2022 (expte. 6779/241).

I.4.- O contrato formalizado ten unha duración de tres anos, 2020 a 2022, prestándose os servizos do 15 de xuño o 15 de setembro de cada unha das anualidades. Contéplanse



Concello de Vigo

dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha (anos 2023+2024) segundo o apartado 4.C. do anexo I de follas de características do contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o contrato.

A entidade adxudicataria veu prestando os servizos a satisfacción da administración municipal.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1.- SOBRE A POSIBILIDADE LEGAL DA PRÓRROGA DO CONTRATO.-

O artigo 29.2. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) , establece que:

“O contrato poderá prever una o varias prórrogas sempre que a súas características permanezan inalterables durante o período de duración de estas, sen prexuízo das modificacións que se podan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Ley.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza ó menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de preaviso los contratos cuxa duración fora inferior a dos meses.

En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

A prórroga do contrato establecida neste apartado non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dé a causa de resolución establecida no artigo 198.6 por terse demorado a Administración no abono do prezo máis de seis meses”

A cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares (en adiante, PCAP) que rexe este contrato establece que:

CLÁUSULA 7.- PRAZO

1.- O prazo total do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC.

2.- Os prazos parciais para a execución do contrato serán, no seu caso, os establecidos no apartado 4.B das FEC.

3.- Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O Anexo I de Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece no apartado 4, un prazo de duración do contrato de tres anos, sendo a súa prestación do 15 de xuño ao 15 de setembro de cada ano, e dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

De acordo co exposto, o contrato formalizouse en documento administrativo en data do 26 de maio de 2020, tendo unha duración de tres anos: 2020, 2021, 2022 e con posibilidade de dúas prorrogas do contrato dun ano de duración cada unha (2023+2024).

Por tanto, tanto a lexislación de aplicación como o contrato (PCAP), permiten a prórroga do contrato para o ano 2023.

II.2. - SOBRE A CONVENIENCIA DA PRÓRROGA

A entidade Salvar, Formar, y Socorrer, S.L., ven desenvolvendo os servizos de acordo co establecido no contrato, pregos que o rexen, e de xeito satisfactorio. Asemade, respecto do prezo en vigor da prestación do servizo, non se estima que unha nova contratación poida ser máis beneficiosa para o Concello ao ser preciso, cando menos, manter o nivel de prestación existente na actualidade e toda vez que a prestacións son eminentemente de persoal suxeito os correspondentes convenios do sector (convenio autonómico), polo que se considera idóneo a prórroga do contrato para a anualidade 2023.

II.3.- PREZO PARA O PERÍODO DE PRÓRROGA E FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

O prezo do contrato para anualidade da prórroga do ano 2023 sería o mesmo da anualidade 2022 de acordo co establecido nos pregos que rexen o contrato que non prevén ningún incremento.

O importe, por tanto, do contrato para o ano 2023 sería de 630.604,51 euros IVE 21% engadido (598.812,75€ contrato inicial + 31.791,76€ modificación 2022), dos que 356.627,16€ serían con cargo á partida 1720.227.01.00 "Vixilancia Praias" e 273.977,35€ con cargo á partida 1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias".

II.4.- AUDIENCIA Á ADXUDICATARIA:

O informe con proposta de resolución da prórroga nos termos expresados notificouse á entidade adxudicataria, Salvar, Formar, y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, a cal presentou escrito de conformidade coa prórroga do contrato para anualidade 2023 (doc. 220201092, de data 13/08/2022).

II.5.- COMPETENCIA

É órgano competente para a resolución da prórroga do contrato a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público,

Por todo o exposto, tralos informes favorable da Asesoría Xurídica Municipal, e fiscalización de conformidade pola Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte



Concello de Vigo

ACORDO

PRIMEIRO .- Aprobar a primeira prorroga anual, para o ano 2023, período de prestación dos servizos de 15 de xuño a 15 de setembro, do vixente contrato de servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo, adxudicado á empresa Salvar, Formar, y Socorrer, S.L., con CIF B70608278, por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de abril de 2020, expte. 14428/306, (formalizado en documento administrativo 26 de maio de 2020), modificado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 26 de maio de 2022, expte. 6779/241, (formalizada a modificación en data 15/07/2022), por un importe anual de 630.604,51 euros IVE 21% engadido, dos que 356.627,16€ serían con cargo á partida 1720.227.01.00 “Vixilancia Praias” e 273.977,35€ con cargo á partida 1720.227.99.05 “Asistencia Sanitaria Praias”.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á entidade adxudicataria informándolle que conforme ós artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(742).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO DOCUMENTO DE REVISIÓN DO MAPA ESTRATÉXICO DE RUÍDO (MER) DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2022, FASE 4ª. EXPTE. 15859/306.

Dáse conta da proposta de data 02/09/2022, asinada polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1.- A Concellería delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 20 de xuño de 2022, iniciou procedemento administrativo para a aprobación do “Documento de revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª”.

I.2.- A Xunta de Goberno Local en data do 10 de marzo de 2008, aprobou o Mapa de Ruído do Concello de Vigo (MER, ano 2007, fase 1ª), (expte. 5381/306).

I.3.- A Xunta de Goberno Local en data do 08 de agosto de 2013, aprobou definitivamente a Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2012, fase 2ª (expte. 9387/306).

I.4.- A Xunta de Goberno Local en data do 06 de setembro de 2018, aprobou definitivamente a Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª (expte. 13339/306).

I.5.- A concellería delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable encargou no ano 2022, a revisión (fase 4ª) do citado Mapa Estratéxico de Ruído (MER) á entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., coa supervisión e control de calidade da Universidade de Vigo: Sonitum Atlanttic.

As devanditas entidades presentaron o documento de revisión o 13 de xuño de 2022 (doc. 220128374).

I.6.- A Xunta de Goberno Local o 30/06/2022, aprobou inicialmente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª., e acordo sometelo ó trámite de información pública por termo dun mes.

Dita documentación someteuse a información pública polo prazo dun mes mediante a publicación de anuncio no BOP de Pontevedra, do 26/07/2022. O anuncio publicouse, tamén, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo. O documento de revisión en formato dixital estivo e está accesible o público en xeral no enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental) e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Tamén se efectuou comunicación da súa aprobación inicial e do trámite de información pública aos servizos municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.

Durante o prazo de información pública do 27/07/2022 ao 26/08/2022, ámbolos dous incluídos, non se presentou ningunha alegación pola cidadanía nin entidades.

A técnica de Medio Ambiente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo emitiu informe en data do 23/08/2022 (doc. 220184620) dando conta da súa consideración no PXOM en tramitación.

II.- ANÁLISE DO DOCUMENTO

II.1.- A documentación entregada no Documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, indícase na súa memoria e está composta de:

- a) Memoria da revisión (fase 4ª).
- b) Memoria resumo da revisión (fase 4ª).
- c) Planos A-3 de niveis de ruído durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, por tráfico viario.
- d) Planos A-3 de niveis de ruídos durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, por tráfico ferroviario.
- e) Planos A-3 de niveis de ruídos durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, por actividade industrial



Concello de Vigo

f) Planos A-3 de niveis de ruídos durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, globais (tráfico viario, ferroviario e industrial) do termo municipal

Dita documentación foi entregada en soporte dixital (pdf) que se anexou ó presente expediente 15859/306. As memorias constan en lingua galega e en lingua castelá. Tamén, coa aprobación definitiva do documento son precisos os arquivos soporte da documentación entregada en formato SHP, GPK. Metadados, arquivos espaciais para incorporar a IDESICA e arquivos RASTER.

II.2.- Obxecto da revisión:

Segundo o indicado na memoria polo equipo redactor no documento de revisión:

O obxecto do documento é o de presentar os datos correspondentes ao Mapa Estratéxico de Ruídos (MER) da aglomeración de Vigo, correspondente á revisión levada a cabo durante a anualidade 2022 como parte da 4ª Fase conforme ó establecido na Directiva 2002/49/CE europea, sobre avaliación e xestión de ruído ambiental. A recompilación de datos e a elaboración do MER realizouse seguindo a "GUÍA BÁSICA DE RECOMENDACIÓNS PARA A APLICACIÓN DOS MÉTODOS COMÚNS DE AVALIACIÓN DO RUÍDO EN EUROPA (CNOSSOS-EU): Recomendacións para a súa aplicación á avaliación do ruído de fontes industriais, estradas, ferrocarrís e aglomeracións", documento do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, na súa versión oficial publicada en abril de 2022.

A diferenza do método de cálculo empregado en fases anteriores (método NMPB), nesta 4ª Fase realízase a revisión do mapa de ruídos mediante o novo método de cálculo europeo denominado CNOSSOS- EU (Common NOise aSSessment methOdS), cuxo principal obxectivo é o establecemento dunha metodoloxía común para a realización dos MER, de tal modo que os resultados obtidos en cada Estado Membro sexan fiables, realistas e que ademais permitan ser comparables entre si.

Este método de cálculo empregado na presente fase difire notablemente do utilizado ata o de agora, non resulta estrito, a criterio técnico, realizar unha comparativa entre os resultados obtidos nesta 4ª Fase cos obtidos en fases anteriores, no referido a superficie e habitantes expostos. Neste sentido, indícanse algúns dos cambios máis relevantes que introduce o novo método de cálculo CNOSSOS-EU e que inflúen de maneira notable na nova pegada sonora da aglomeración de Vigo, especialmente na caracterización do tráfico rodado:

- Adáptase mellor á circulación en baixas velocidades e aos efectos de redución de velocidade.
- Permite modelar os efectos de aceleración e desaceleración nas proximidades de interseccións, rotondas, semáforos, etc.
- Ten en conta o efecto das pendentes nos eixos viarios, no referido á súa influencia sobre a emisión sonora dos vehículos.
- Permite un modelo específico para a circulación en rotondas.
- Establece cinco categorías de vehículos diferentes.

II.3.- Metodoloxía de cálculo:

II.3.1. Ferramentas software

Para a obtención do MER de Vigo empregouse o CadnaA versión 2022, da empresa DataKustik, na súa opción BMP XL, software profesional para o cálculo, presentación, avaliación e predición de ruído ambiental.

II.3.2. Método de cálculo

O cálculo do MER de Vigo abóndase conforme ao método CNOSSOS-EU, seguindo as directrices recollidas nos documentos:

- “GUÍA BÁSICA DE RECOMENDACIÓNS PARA A APLICACIÓN DOS MÉTODOS COMÚNS DE AVALIACIÓN DO RUÍDO EN EUROPA (CNOSSOS-EU): Recomendacións para a súa aplicación á avaliación do ruído de fontes industriais, estradas, ferrocarrís e aglomeracións”, documento do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, na súa revisión de abril de 2022.
- “Guía para a aplicación do método CNOSSOS- EU na modelización do ruído producido polas circulacións ferroviarias nas infraestruturas de ADIF e ADIF AV/AV”, 1ª edición de marzo de 2022, de ADIF Alta Velocidade, Dirección Corporativa, Subdirección de Medio.

II.3.3. Períodos temporais para a avaliación de ruído

Os períodos temporais nos que dividir a análise acústica do municipio son os indicados na lexislación vixente, é dicir:

- Período de día, de 12 horas de duración (07:00-19:00 horas);
- Período de tarde, de 4 horas de duración (19:00-23:00 horas);
- Período de noite, de 8 horas de duración (23:00-07:00 horas);

II.3.4. Índices de avaliación de ruído

A norma UNE-EN ISO 1996-1 describe os métodos e procedementos a aplicar para a avaliación dos niveis de ruído procedentes de varias fontes, individuais ou en conxunto, que contribúen á exposición total dun lugar. Na devandita norma defínense os métodos xerais de avaliación dos índices de ruído ambiental, así como a definición xenérica do nivel de ruído durante un período global de día-tarde-noite (24 horas).

Tomando como base a anterior norma, a Lei 37/2003 do Ruído e o Real Decreto 1513/2015 establecen os índices de ruído a considerar para a avaliación dos niveis de ruído nun territorio, en base aos diferentes períodos temporais establecidos, é dicir:

- Ld para o nivel de avaliación de ruído no período de día (07:00-19:00 horas);
- Le para o nivel de avaliación de ruído no período de tarde (19:00-23:00 horas);
- Ln para o nivel de avaliación de ruído no período de noite (23:00-07:00 horas);

A Directiva comunitaria introduce ademais o índice Lden para avaliar a molestia que produce o ruído nas persoas. O devandito índice representa un nivel global ponderado de ruído que, penalizando en 5 dB o período tarde e en 10 dB o período nocturno, obtén un valor medio representativo das 24 horas do día. Segundo se define na Lei do Ruído 37/2003, o nivel equivalente día-tarde-noite avalíase en dBA mediante a seguinte expresión:

$$L_{den} = 10 \cdot \log_{10} \left[\frac{1}{24} \left(12 \cdot 10^{L_d/10} + 4 \cdot 10^{(L_e + 5)/10} + 8 \cdot 10^{(L_n + 10)/10} \right) \right]$$

II.3.5. Modelo: Datos de entrada

II.3.5.1. MDT e sistemas xeográficos de referencia

Para a definición do territorio tomouse como referencia o Modelo Dixital do Terreo (MDT) elaborado para as fases anteriores, a partir das curvas de nivel do termo municipal proporcionadas no seu día pola administración competente e obtidas da cartografía basee do Instituto Xeográfico Nacional. O



Concello de Vigo

devandito modelo implementa a orografía do municipio, desde os 0 metros de altura sobre o nivel do mar, na súa zona costeira da Ría de Vigo, ata os case 700 metros de altura que alcanza nas inmediacións do monte Galiñeiro, na parroquia de Zamáns, próxima aos municipios de Mos e Gondomar.

O sistema xeodésico de referencia é o European Terrestrial Reference System 1989, coñecido como ETRS89, no cal Vigo emprázase no fuso UTM 29N. Aínda que para a representación dos mapas de ruído

farase uso deste sistema de referencia, para a entrega da información espacial relativa ao cartografado

de ruído utilizarase o sistema EPSG:3035 Lambert Azimuthal Equal Area, coñecido como ETRS89-LAEA, por ser o sistema de referencia ETRS89 estendido para Europa.

II.3.5.2. Condicións meteorolóxicas

Para a análise acústica do municipio considerandose as condicións climatolóxicas medias de Vigo de 15° C

de temperatura e 75% de humidade relativa. En base á guía de boas prácticas, definíronse ademais as seguintes condicións de propagación favorable:

o Período día: 50 % situación de propagación favorable.

o Período tarde: 75 % situación de propagación favorable.

o Período noite: 100 % situación de propagación favorable.

II.3.5.3. Absorción do terreo e nº de reflexións

Para a asignación de absorción sonora do terreo seguíronse as indicacións establecidas no apartado 3.10 da "Guía básica de recomendacións para a aplicación dos métodos comúns de avaliación do ruído en Europa (CNOSSOS-EU)", onde se establece que, con carácter xeral, o solo compacto adoita ser reflector ($G=0$), mentres que o solo poroso é absorbente, con coeficientes de absorción que chegan a acadar o seu valor máximo ($G=1$) en terreos brandos tales como chans forestais, montes, céspede ou herba, etc.

Con respecto ao número de reflexións sonoras, configurouse o software con reflexións de ata 2º orde para realizar o cálculo do impacto acústico debido aos diferentes focos de ruído, segundo o indicado no apartado 5.1.2.7 da guía citada anteriormente.

II.3.5.4. Tráfico viario

Debido á información coa que se contaba en fases anteriores, a gran maioría das vías modeláranse cun único eixo central ao que se asignaba os datos oficiais de aforo. O método CNOSSOS-EU incorpora modelos específicos para modelar a emisión de ruído en rotondas, recoller influencia da aceleración e desaceleración, así como a circulación en vías con pendente. Por tanto, para a presente revisión do MER tivéronse en conta as seguintes consideracións:

1. Desdobláronse eixos de estradas en vías de circulación en ambos os sentidos.
2. Procedéronse a modelar adecuadamente as rotondas máis relevantes da cidade.
3. Para asignar aforamentos a aquelas vías das que non se dispón información procedeuse a realizar unha categorización de vías, segundo o tipo de tráfico que circula por eles.
4. Configuráronse os eixos viarios para considerar de maneira automática a pendente de cada un, en base á adaptación ao terreo destes.
5. Modelado de aceleración/desaceleración:

- a. Non se considera os efectos de aceleración/desaceleración nas vías limitadas a 20 e 30 km/h.
- b. Non se considera os efectos de aceleración/desaceleración nas vías limitadas a 20 e 30 km/h.

Categorización de vias:

Para unha axeitada asignación de tráfico a cada un dos eixos viarios do municipio estableceuse unha categorización destes en 7 clases, co obxecto de garantir que a variación de nivel de ruído entre categorías contiguas non exceda 3 dBA, o que equivale a que a Intensidade Media Diaria (IMD) de vehículos dunha clase nunca excede o dobre da clase inmediatamente inferior.

Categorización de vehículos:

O modelo CNOSSOS inclúe 5 categorías de vehículos de tráfico rodado:

1. Vehículos lixeiros (turismos, todoterreos, camionetas de ata 3,5 toneladas, remolques e caravanas).
2. Vehículos pesados medianos: vehículos pesados de dous eixos (camionetas e camións entre 3,5 e 12 toneladas, autobuses e auto caravanas).
3. Vehículos pesados: vehículos pesados de máis de dous eixos (autobuses, camionetas e camións pesados).
4. Vehículos de dúas rodas, tres e catro rodas, diferenciando entre categoría 4^a (ciclomotores) e categoría 4b (motocicletas de maior cilindrada, con e sen sidecar, triciclos e cuadríciclos).
5. Categoría adicional (aberta, reservada a vehículos eléctricos, etc.).

As instrucións de entrega dos MER establecen a obrigação de desagregar a información dos aforamentos de tráfico nas 4 primeiras sendo a quinta opcional. Para abordar o modelado e realizar unha adecuada distribución do tráfico viario, seguíronse os seguintes criterios:

- Realizar contas manuais, coincidindo coa campaña de medición acústica para o procedemento de validación (apartado 9), do número e da categoría de vehículos que circulan polos eixos viarios de diferente tipoloxía seleccionados para iso.
- Calcular, en base aos datos recollidos, a distribución en porcentaxe media de cada categoría de vehículos para cada tipo de vía.
- Non asignar ningún vehículo á clase adicional (vehículos eléctricos, etc.) por ser pouco significativa.
- Aplicar as condicións de circulación específicas de Vigo, como é a prohibición de circular vehículos pesados en todo o centro urbano da cidade (o que implica un 0% de vehículos de categoría 3 en vías de tipo 2, 4, 5, 6, e 7) e a influencia dos itinerarios de circulación dos devanditos vehículos habilitados na "Ordenanza Municipal Reguladora das Operacións de Carga e Descarga de Mercadorías nas Vías Urbanas" do Concello de Vigo.

4.2.5. Tráfico ferroviario

Incorporouse a información achegada por ADIF, seguindo as indicacións do documento "Guía para a aplicación do método CNOSSOS-EU na modelización do ruído producido polas circulacións ferroviarias nas infraestruturas de ADIF e ADIF AV/AV" de ADIF, así como da "Guía básica de recomendacións para a aplicación dos métodos comúns de avaliación do ruído en Europa (CNOSSOS-EU)". Neste sentido, configuráronse os eixos ferroviarios coas correspondentes IMD e velocidades máximas achegadas por ADIF para cada un dos períodos horarios e incorporado nas proximidades da estación ferroviaria de Guixar os adecuados protocolos de aceleración/desaceleración para simular o proceso de saída/chegada de trens.



Concello de Vigo

4.2.6. Focos industriais

Incorporouse ao MDT de Vigo a información dispoñible sobre focos industriais, a súa localización e a súa correspondente potencia acústica.

4.2.7. Edificación

Actualizouse a capa de edificación a partir da información subministrada polo Concello de Vigo e a publicada na Sede Electrónica do Catastro, e asignado a cada un dos edificios a información censual correspondente a decembro de 2021.

II.4.- ANÁLISE DE RESULTADOS

A revisión do mapa proporciona uns resultados globais do termo municipal, e non atende a situacións particulares concretas que deben ser obxecto dun estudo concreto e pormenorizado.

Os resultados refírense a solo exposto, poboación exposta ás distintas fontes de ruído: tráfico viario, ferrocarril, actividade industrial e global (todas as anteriores), nos horarios día, tarde, noite e global dita-tarde-noite, aténdonos o índices de ruído establecidos nas distintas áreas acústicas como obxectos de calidade acústica para ruído aplicables á áreas urbanizadas existentes (Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro).

Os obxectos de calidade acústico establecidos na referida norma e recollidos no mapa son os seguintes:

Táboa 4 - Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		Ld	Le	Ln
e	Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente, e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	60	60	50
a	Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial	65	65	55
d	Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c)	70	70	65
c	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	73	73	63
b	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	75	75	65
f	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen (1)	(2)	(2)	(2)

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas axeitadas de prevención da contaminación acústica, en particular, mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo co apartado a), do artigo 18.2. da lei 37/2003, de 17 de novembro.

(2) No límite do perímetro destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas lindeiras con eles.

Nota. Os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referenciados a unha altura de 4 m.

Estes índices de ruído establecidos como obxectivos de calidade acústica aplicables a áreas urbanizadas considerase na fachada exterior da edificación segundo o establecido na lei.

As conclusións globais relativas ó documento do MER do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, tomando como referencia os criterios de afección $L_d > 65$ dBA, $L_e > 65$ dBA, $L_n > 55$ dBA e $L_{den} > 65$ dBA (fachada exterior do edificio), reflicte os seguintes resultados que se recollen en táboas:

II.4.1.- Solo total exposto.-

Dos datos globais obtidos con todos os focos de ruído activos (isto é, tráfico viario, tráfico ferroviario e focos industriais) conclúese que aproximadamente un 13% do territorio de Vigo está exposto a niveis de ruído nocturnos L_n superiores a 55 dBA e globais L_{den} superiores a 65 dBA.

II.4.2.- Poboación total exposta.-

En canto á poboación exposta, os resultados obtidos conclúen que menos dun 20% dos habitantes de Vigo están expostos a niveis de ruído en períodos de día L_d e de tarde L_e superiores a 65 dBA, cifra que se eleva ata case o 29% no período global de 24 horas, L_{den} . No que respecta ao período nocturno, pouco máis do 27% da poboación está exposta a niveis de ruído L_n superiores a 55 dBA.

II.4.3.- Resultados por fontes de ruído.

A principal fonte de ruído que afecta á superficie do municipio segue a ser o tráfico viario, moi por encima do tráfico ferroviario e dos focos industriais.

a) Ruído industrial:

- Superficie exposta: No que respecta ao ruído industrial, isto é, o debido tanto á actividade industrial do municipio como a aqueles focos puntuais, lineais ou superficiais de ruído asociados dun modo ou outro á esta, conclúese que menos do 0,5% da superficie de Vigo está exposta a niveis de ruído en período día, L_d , en período tarde, L_e , ou en período 24 h, L_{den} , superiores a 65 dBA. Pola noite, pola súa banda, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído L_n superiores a 55 dBA incrementase lixeiramente, ata alcanzar o 0,1% da superficie total do municipio.

- Poboación exposta: No referente á poboación exposta, conclúese que menos dun 0,5% dos habitantes están expostos a niveis de ruído en períodos de día, L_d , de tarde, L_e , e global 24 horas, L_{den} , superiores a 65 dBA. Pola noite, ao redor dun 1,4% da poboación está exposta a niveis de ruído L_n superiores a 55 dBA.

b) Tráfico ferroviario:

No que respecta ao ruído que xera o tráfico ferroviario de Vigo, compróbase que basicamente contribúe á afección acústica a liña de ferrocarril que parte da/termina na Estación de Guixar, tendo en conta que a que deriva na Estación de Urzáiz, a cal soporta a maior parte do tráfico ferroviario de Vigo, transcorre integramente baixo terra ata máis aló dos límites municipais. Neste sentido, tendo en conta



Concello de Vigo

o tráfico residual de trens que circulan dende ou cara a Guixar en comparación con Urzáiz (segundo os datos de IMD facilitados por ADIF en marzo de 2022), conclúese que a exposición nocturna por encima dos 55 dBA tanto do solo como da poboación mantense nunhas porcentaxes practicamente desprezables, ao igual que para os períodos de día, tarde e 24 horas, neste caso para niveis de ruído Ld , Le e Lden superiores a 65 dBA.

c) Tráfico viario:

Tódolos eixes viarios:

- Superficie exposta: O tráfico viario é, por tanto, a fonte de ruído predominante na aglomeración de Vigo. Dos cálculos realizados conclúese que, debido ao tráfico que circula diariamente polos diferentes eixos viarios do municipio, preto dun 9% do solo municipal está exposto a niveis de ruído en período día, Ld, e en período tarde, Le, superiores a 65 dBA, porcentaxe que sobe ata o 12% para o período 24h, Lden. Pola noite, pola súa banda, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA sitúase lixeiramente por encima do 12% da superficie total.

- Poboación exposta: En canto á poboación exposta, ao redor dun 20% da poboación de Vigo vese exposta a niveis de ruído día Ld e tarde Le superiores a 65 dBA, alcanzando o 28,3% no caso do índice Lden. Pola noite, ao redor dun 26% da poboación está exposta a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA.

Grandes eixes viarios:

Segundo o requirido na revisión do MER correspondente á 4ª fase, débese analizar por separado a afección acústica debida ao tráfico que circula polos grandes eixos viarios. No caso de Vigo, os grandes eixos viarios que teñen incidencia no municipio son os seguintes:

- Autoestrada AP-9. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autovía AP9-V. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autovía VG-20. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autovía A-55. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autoestrada AG-57. Administración: Xunta de Galicia

- Superficie exposta grandes eixos viarios: O resultados obtidos conclúen que aproximadamente un 6% do solo vese afectado por niveis de ruído Ld e Le superiores a 65 dBA, polo tráfico que circula por estes grandes eixos, chegando ata preto do 8% no caso do índice Lden. Pola noite, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA sitúase lixeiramente por debaixo do 9% da superficie total do municipio.

- Poboación exposta grandes eixos viarios: A poboación exposta ao ruído que xera o tráfico que circula polos grandes eixos viarios, aproximadamente un 2% desta vese afectada por niveis de ruído Ld, Le e Lden superiores a 65 dBA, e por niveis nocturnos Ln superiores a 55 dBA.

II.4.3.- Conclusión final de resultados obtidos

Para realizar unha análise xeral da afección acústica no exterior dos edificios do Concello de Vigo, tomáronse como referencia os niveis de ruído de 65 dBA para os períodos día (índice Ld), tarde (índice Le) e período completo 24 horas (índice Lden) e os 55 dBA para o período nocturno (índice Ln). Deste xeito, en base á pegada de ruído a 4 metros de altura obtida nesta 4ª Fase, conclúese que o 18,3% e o 19,5% da poboación de Vigo está exposta, respectivamente, a niveis de ruído en fachada Ld (día) e Le (tarde) superiores a 65 dBA, chegando ao 28,9% no caso do índice global Lden. Doutra banda, no caso do período nocturno, a porcentaxe de poboación exposta a niveis de ruído en fachada Ln superiores a 55 dBA sitúase no 27,2%.

Do documento de revisión conclúese que a principal fonte de ruído de Vigo radica no tráfico viario, moi por diante dos focos de ruído industrial e do tráfico ferroviario, sendo aquel o responsable do 95% da afección de poboación a niveis nocturnos Ln superiores a 55 dBA e alcanzando o 98% no caso de niveis globais de ruído Lden superiores a 65 dBA.

Desde a publicación do primeiro Plan de Acción contra o Ruído (PAR), o Concello de Vigo mantivo unha marcada liña de acción contra a contaminación acústica e mellora da habitabilidade da cidade, poñendo en marcha un ambicioso plan de humanizacións, control de tráfico nesta e outras medidas. O novo modelo de cálculo CNOSSOS-EU utilizado nesta revisión do MER, ao caracterizar dunha forma máis precisa o comportamento do tráfico rodado, reflicte mellor a realidade da circulación diaria de vehículos e o impacto das humanizacións sobre o confort acústico da cidade.

III.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

III.1.- Normativa de aplicación

- Constitución Española de 1978.
- Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído (estatal).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental).
- RD. 1367/2007, de 19 de outubro, de desenvolvemento da L.3/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas).
- Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Demais normativa de concordante aplicación.

III.2.- Consideracións xurídicas

A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de facer un Mapa de Ruído que permita unha avaliación global da exposición á contaminación acústica dun territorio e poboación, realizar predicións globais, posibilitar a adopción fundada de plans de accións e medidas correctoras axeitadas.



Concello de Vigo

A disposición adicional primeira da citada Lei 37/2003, do 17 de novembro, establece a obriga de aprobar os mapas de ruídos, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 30/06/2007.

Tamén, o artigo 16 da Lei 3/2003 do ruído establece que “os mapas de ruído haberán de revisarse e, no seu caso, modificarse cada cinco anos a partir da data da súa aprobación”.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data do 10 de marzo de 2008, aprobou o Mapa de ruídos do Concello de Vigo, ano 2007, fase 1ª.

A Xunta de Goberno Local en data do 08 de agosto de 2013, aprobou definitivamente a revisión do mapa estratéxico de ruído do Concello de Vigo, ano 2012, fase 2ª,

A Xunta de Goberno Local en data do 06 de setembro de 2018, aprobou definitivamente a Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª.

A concellería delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable encargou no ano 2022, a revisión (fase 4ª) do citado Mapa Estratéxico de Ruído (MER) á entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., coa supervisión e control de calidade da Universidade de Vigo: Sonitum Atlantic, cuxo documento presentado en data do 13 de xuño de 2022 (doc. 220128374).

O documento aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o 30/06/2022, someteuse a información público polo prazo dun mes nos termos e condicións establecidas no artigo 16 en relación co 14 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, e o artigo 83 en relación co 45.3. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP, sen que se presentasen alegacións.

A documentación de revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, contén os contidos mínimos esixidos pola normativa de aplicación, en especial, a Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002; Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal); RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental); RD 1367/2017, de 19 de outubro, de desenvolvemento da Lei 37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas), D. Autonómico 106/2015, de 9 de xullo, nos aspectos obxecto da revisión.

A competencia para aprobación da revisión do mapa de ruído corresponde ó alcalde ó abeiro do establecido no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Non obstante, a dita competencia foi delegada na Xunta de Goberno Local en virtude da resolución de delegacións de competencias do alcalde no referido órgano de data 18/06/2019.

Por todo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, redactado pola entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., supervisado pola Universidade de Vigo: Sonitum, Atlantic, en formato dixital, asinado dixitalmente con data de 13 de xuño de 2022, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a

teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído (exp. Nº 15859/306).

SEGUNDO: Remitir a documentación da revisión do MER do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, aprobado definitivamente, nos formatos dixitais establecidos, á Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e, tamén, ó Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para traslado á Comisión Europea, de acordo co previsto na Disposición adicional oitava da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e artigo 14 do Rd 1513/2005, de 16 de decembro.

TERCEIRO: Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO: Publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra para xeral coñecemento ao abeiro do establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP, e informar aos interesados/as que contra o presente acordo, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción contencioso-administrativa, poderán interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

QUINTO: Publicar o presentado acordo e documento definitivamente aprobado da revisión do MER do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental), e no Portal da Transparencia do Concello de Vigo co obxecto de facilitar a súa consulta polos cidadáns a través de medios electrónicos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(743).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DE SERVIZOS PARA MANTEMENTO DOS ASCENSORES INSATALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10504/320.

Visto o informe xurídico do 29/08/2022 e o informe de fiscalización do 30/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 26/08/2022, asinado pola técnica de



Concello de Vigo

Xestión, a xefa do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 24 de xaneiro de 2022, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas autorizou iniciar o expediente de contratación do **MANTENIMENTO DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO**

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola Técnica de Administración Xeral (resolución da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 25/11/2021) e o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas en data 24 de xaneiro de 2022.
2. Memoria económica do contrato de data 25/01/2022, asinada pola a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e os concelleiros delegados de Participación Cidadá e Festas, e Orzamentos e Facenda.
3. Documentos contables de retención de crédito de 8/01/2022 (RC núm. Operación 202200008864 e RCFUT núm. operación 202200008865)
4. Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial da Área de Servizos Xerais, de data 3/06/2022.
5. Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 3/06/2022, asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial da Área de Servizos Xerais e a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
6. Memoria económica do contrato de data 7/06/2022, asinada pola a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e os concelleiros delegados de Participación Cidadá e Festas e Orzamentos e Facenda. (Substitúe á anterior de data 21/05/2022)

7. Documentos contables de anulación de retención de crédito de 7/06/2022 (RC/ núm. Operación: 202200057227, RCFUT/ núm. Operación 202200057228) e documentos contables de retención de crédito de 8/06/2022 (RC núm. Operación 202200057232 e RCFUT núm. Operación 202200057232)
8. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado o 8 de xuño de 2022 pola técnica de xestión, e o 9 de xuño de 2022 pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas.
9. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo, de data 8/07/2022.
10. Prego de cláusulas administrativas de data 17 de agosto de 2022, asinado pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020). O Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, en resolución de 24 de xaneiro de 2022, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 159 da LCSP procede empregar o procedemento aberto simplificado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como



Concello de Vigo

órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (10504/320) por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 3 de xuño de 2022 e o prego de cláusulas administrativas de 17 de agosto, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”.

3º.- Aprobar o gasto de **20.328,00 €** para a contratación do servizo de mantemento con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279909 (MANTEMENTO DE ASCENSORES), do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2022, distribuídos do xeito seguinte:

- 3.388,00 € correspondente ao ano 2022
- 10.164,00 € correspondente ao ano 2023.
- 6.776,00 € correspondente ao ano 2024.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(744).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DE XLIV EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA 2021 CON CARGO AO EXERCICIO 2022. EXPTE. 4528/330.

Visto o informe xurídico do 24/08/2022 e o informe de fiscalización do 26/08/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/08/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 30 de xuño de 2022, a entidade "Asociación Premios da Crítica de Galicia" presenta solicitude de subvención nominativa para o financiamento da **XLIV Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2021, con cargo ao orzamento do 2022**, polo importe de 9.000 euros; por este motivo, con data 4 de xullo o concelleiro delegado da Área de Cultura e Emprego resolve que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para o concesión dunha subvención nominativa a favor da citada entidade, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 "Subvención Premios da Crítica " do orzamento municipal vixente.

O orzamento de gastos aportado pola entidade foi o seguinte:

Concepto	Cantidade	Prezo unid.	Prezo (sen IVE)	IVE (21% ou 10%)	Prezo (con IVE)
Maquetación do tríptico dos Premios da Crítica de Galicia.	1	200,00 €	200,00 €	42,00 €	242,00 €
Impresión e pregado de trípticos, amais de cartelería, en cuatricromía.	1	192,35 €	192,35 €	40,39 €	232,74 €
Aluguer de salón e xantar da xunta directiva da Asociación dos Premios da Crítica de Galicia.	1	656,36 €	656,36 €	65,64 € (10%)	722,00 €
Adquisición dos galardóns: estatuíñas personalizadas do augardenteiro de Sargadelos.	8	75,00 €	600,00 €	126,00 €	726,00 €
Material funxíbel e fotocopiado dos Premios da Crítica.	1	24,49 €	24,49 €	6,51 €	31,00 €
Servizo de catering para os xurados e secretarías dos Premios da Crítica de Galicia.	1	506,30 €	506,30 €	50,63 € (10%)	556,93 €
Presentación do acto de entrega dos Premios da Crítica de Galicia a cargo da poeta Yolanda Castaño.	1	750,00 €	750,00 €	-112,50 € (15% Retención IRPF)	637,50 €
Xantar de Confraternidade dos Premios da Crítica.	120	36,50 €	4.379,40 €	486,60 € (10%)	4.866,00 €
Organización da xornada de entrega dos Premios da Crítica de Galicia (Naturgala).	1	442,40 €	442,40 €	117,60 € (21%)	560,00 €
Servizo de azafatas e azafatos para o acto de entrega dos Premios da Crítica de Galicia.	1	347,11 €	347,11 €	72,89 €	420,00 €
Servizo de envío de documentación (Concello da Coruña e Parlamento de Galicia)	1	12,06 €	12,06 €	2,53 €	14,59 €
Total					9.008,76 €

O importe total ascende a **9.008,76 € co ive engadido**; a continuación solicítouse á entidade certificación de exención de iva, respondendo que carece de tal condición. Por este motivo, só sería subvencionable o importe neto presentado que ascendería a **8.110,47 €**.

Por tanto, o importe subvencionable resultaría inferior ao importe previsto nos orzamentos municipais para a subvención nominativa a favor da entidade (9.000 €)

Así mesmo, na solicitude de subvención a entidade declara non contar con máis axudas para a actividade proposta.

O artigo 19.3.3. da Lei Xeral de Subvencións dispón que "o importe das subvencións en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada"

Así mesmo as bases de execución do Orzamento sinalan o seguinte:

"BASE 38.5-5.-Subvencións outorgadas directamente

2.- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas ou outros recursos para a mesma finalidade.



Concello de Vigo

Para iso deberá acreditarse no expediente, que non existen outras axudas ou outros ingresos que financian a devandita actividade. De existir, se deberá acreditar a insuficiencia destes para facer fronte a totalidade do orzamento da actividade.

En ningún caso a contía da axuda pode superar o importe do gasto menos as axudas ou ingresos que recibira pola actividade obxecto da axuda."

Por este motivo, o concelleiro-delegado de Cultura e Emprego resolveu con data 5 de agosto de 2022: *"Requerir á "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para que, no prazo de dez días hábiles contados dende o día seguinte á presente notificación, reformule a súa solicitude de subvención axustándoa á contía de **8.110,47 €**, según o modelo de declaración que se lle aporta"*

A dita resolución foi notificada á entidade interesada, dándolle un prazo de dez días para presentar unha reformulación da solicitude de subvención polo importe de **8.110,47 €**.

O día 10 de agosto de 2022 a "Asociación Premios da Crítica de Galicia", presenta na sede electrónica do Concello escrito de reformulación da solicitude de subvención polo importe de **8.110,47 €**.

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a asociación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA** . Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

Os Premios da Crítica de Galicia abranguen as seguintes modalidades: Creación literaria, investigación, música, iniciativas culturais e científicas, artes plásticas, arte escénicas, cine e artes audiovisuais e cultura gastronómica.

Os ditames de cada unha das modalidades déronse a coñecer no curso dun acto público que tivo lugar o **13 de novembro de 2021** na sede do Teatro Afundación, na cidade de Vigo.

A memoria económica que se achega , incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe neto sen iva de **8.110,47 €** (oito mil cento dez euros con corenta e sete céntimos).

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude de reformulación do importe da subvención
- Memoria e orzamento da actividade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Poliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento deste.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLIV Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2021, con cargo ao orzamento do 2022, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.



Concello de Vigo

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao ASOCIACIÓN "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLIV Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2021 con cargo ao orzamento do 2022, figurando na aplicación **3340.480.00.14** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de **8.110,47 €** (oito mill cento dez euros con corenta e sete céntimos), a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***"PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de **8.110,47 €** (oito mill cento dez euros con corenta e sete céntimos) á "Asociación Premios da Crítica de Galicia" (G27847839) para o financiamento da XLIV Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2021, con cargo ao orzamento 2022, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 "SUBVENCIÓN PREMIOS DA CRÍTICA", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. E de responsabilidade da Entidade :
 - 1) A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,

2) A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3) Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4) Cumprimento das medidas sanitarias adoptadas polas autoridades sanitarias en cada momento por mor da COVID-19.

2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Bieito Ledo Cabido , presidente da entidade
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos de contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA



Concello de Vigo

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electróni-

cos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a



Concello de Vigo

responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados desde outubro do 2021 ao 10 de novembro do 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.



Concello de Vigo

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Dar conta da Resolución de modificación de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras: Estructura de Área de Goberno . Expte. 598/1102.
- .- Dar conta da Resolución de modificación de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras delegados de Áreas. Expte. 598/1102.
- .- Proposta de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias. Expte. 601/1102.
- .- Proposta de aprobación do «Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas no eido local do Concello de Vigo (2022 – 2025)” e solicitude de subvención á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Expte. 240777/301.

- .- Expediente de contratación do subministro da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización de centralización de claves e custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados. Expte.9864/113.
- .- Expediente de contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo. Expte. 9924/113.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

17(745).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS: ESTRUCTURA DE ÁREA DE GOBERNO . EXPTE. 598/1102.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta da Resolución de data 06/09/2022, asinada polo alcalde e a secretaria de Administración municipal, que di o seguinte:

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable modificar as delegacións de competencias nos órganos de xestión unipersonal -os/as concelleiros/as delegados e delegadas-, en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía RESOLVE

Primeiro.- Modificar a Resolución de delegación de competencias: estrutura área de Goberno 2019-2023 de data 18.06.2019 modificada posteriormente por Resolución de data 17.08.2020 e 16.04.2022 respecto do punto segundo nos apartados 3, 5 e 10, nos seguintes termos



Concello de Vigo

“ Segundo.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación os servizos corporativos do Concello de Vigo estrutúranse nas seguintes áreas executivas e/ou materiais que estarán dirixidas, sen prexuízo dos termos que se establezan nas disposicións de delegación ou desconcentración de competencias, polos/as membros da Xunta de Goberno Local e demais Concelleiros e Concelleiras que se indican:

(..)

3.- ELENA ESPINOSA MANGANA. Tenente de Alcalde e Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo e as competencias municipais en materia de Emprego, políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; deseño e dirección das políticas activas de emprego; industria e voluntariado.

(...)

5.- ABEL LOSADA ÁLVAREZ. Área de Cultura

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de cultura, equipamentos culturais do Concello (bibliotecas), Auditorio municipal, Rede de Museos Municipais e colaboración Fundación MARCO, así como a xestión da programación cultural do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

(...)

10.- PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO. Seguridade, Contratación e Xestión Municipal

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Seguridade, en particular, a dirección, organización e coordinación coas respectivas Xefaturas os Servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as Xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito ao mesmo, e a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e ocupación de dominio público. Así mesmo corresponderalle competencias en materia de contratación e xestión municipal a cal abrangue competencias en materia de Réxime Interior, Recursos Humanos e Formación, así como a relación cos órganos directivos municipais, Administración Electrónica, obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS) Protección de Datos, rexistros, información e arquivos.

(..)

Segundo.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución a todo/as os concelleiros e concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.

Cuarto.- Comunicar a presente Resolución ás Xefaturas das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na Sede Electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sexto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

18(746).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DELEGADOS DE ÁREAS. EXPTE. 598/1102.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta da Resolución de data 06/09/2022, asinada polo alcalde e pola secretaria de Administración municipal, que di o seguinte:

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable modificar as delegacións de competencias nos órganos de xestión unipersoal -os/as concelleiros/as delegados e delegadas-, en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Modificar a Resolución da delegación de competencias (2019-2023) da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área de data 26.06.2019 modificada posteriormente por Resolucións de data 13.08.2019 e do 17.08.2020, 16.04.2021 respecto do punto segundo da parte resolutiva , apartados 3 e 10, nos seguintes termos:

“**Segundo.-** Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación os servizos corporativos do Concello de Vigo estrutúranse nas seguintes áreas executivas e/ou materiais que estarán dirixidas, sen prexuízo dos termos que se establezan nas disposicións



Concello de Vigo

de delegación ou desconcentración de competencias, polos/as membros da Xunta de Goberno Local e demais Concelleiros e Concelleiras que se indican:

(...)

3.- ELENA ESPINOSA MANGANA. Tenente de Alcalde e Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Economía, Fondos Europeos, así como as competencias municipais en materia de Patrimonio, Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo e as competencias municipais en materia de Emprego, políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; deseño e dirección das políticas activas de emprego; industria e voluntariado e, en particular

a) En materia de economía .

1. Fomento da competitividade empresarial, desenvolvemento económico e da innovación.
2. Fomento de actuacións tendentes á terciarización da nosa economía.
3. Promoción das feiras sectoriais de Vigo, nomeadamente Conxemar.
4. Plans promocionais de Vigo en colaboración coas empresas locais.
5. Seguimento da Autoestrada do Mar.
6. Seguimento dos enlaces e tráfico ferroviarios.
7. Seguimento dos enlaces por estrada e autoestrada.
8. Seguimento das actividades portuarias.
9. Seguimento de actividades do sector pesqueiro e mariñeiro tradicional.

b) En materia de Fondos Europeos.

1. Impulsar a captación para o Concello de Vigo de fondos europeos.
2. Fomentar a participación do Concello de Vigo en todos aqueles proxectos e programas europeos con incidencia no desenvolvemento da cidade.
3. Coordinar as distintas concellerías delegadas identificar sinerxias no desenvolvemento dos programas con financiación procedente da Unión Europea.

c) En materia de Patrimonio.

1. A asistencia a Comisións, reunións e demais actos que requiran a comparecencia dun representante municipal en materia da súa competencia, en especial as comisións de seguimento, informativas e reunións de Comunidades de Propietarios nas que o Concello sexa propietario.
2. Dirixir e xestionar o réxime, tráfico xurídico e defensa dos bens patrimoniais e demaniais tramitando calquera operación de alta, baixa ou rectificación no Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD) dos bens integrantes do mesmo, tendo a facultade para recabar de calquera servizo municipal os datos necesarios para elo.
3. Tramitar os expedientes relativos á adquisición e alleamento do Patrimonio Municipal promovidos pola súa Area.
4. A xestión dos locais e demais inmobles municipais, sexan de natureza demanial ou patrimonial, xestión dos locais municipais de natureza demanial, cedidos en réxime arrendatario ou en concesión de dominio, excepción dos xestionados por outras áreas no exercicio das súas atribucións.
5. Nomear e mesmo presidir, as comisións municipais para a recepción dos locais, obras ou instalacións municipais que revertan ao patrimonio municipal ao remate das autorizacións e concesións demaniais ou por calquera outro título dependentes da súa Area.
6. Tramitar e xestionar as pólizas de seguros tendentes a cubrir a responsabilidade patrimonial municipal derivada do funcionamento dos servizos.
7. Tramitar a ITE dos inmobles municipais, agás aqueles adscritos a outras áreas que dispoñan de técnico municipal competente para a súa realización.
8. Tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade patrimonial con motivo dos danos e perdas causados polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
9. Impulsar a confección e actualización permanente do Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD), recabando os datos e información necesaria e ditando as ordes e instrucións que estime conveniente para os efectos ás demais áreas e servizos municipais.
10. En xeral, o control da administración, conservación e xestión do patrimonio municipal, a investigación de cantos bens e dereitos se presuma que forman parte del, o seu deslinde, o seu amolloamento, a súa protección e reivindicación, así como a esixencia de responsabilidades cando proceda.
11. O inicio e a resolución dos expedientes de investigación de oficio deslinde administrativo, ou recuperación posesoria, ao abeiro do disposto na normativa de aplicación.
12. A formalización e sinatura de toda clase de documentos públicos ou privados que



Concello de Vigo

requira a execución e cumprimento dos acordos e resolucións adoptadas no ámbito das competencias atribuídas a Área de Patrimonio, agás os que teñan por obxecto contratos ou negocios xurídicos sometidos a normativa en materia de contratos do Sector Público.

13. A aprobación e/ou proposta dos expedientes relacionados coa xestión patrimonial do Auditorio Pazo de Congressos "Mar de Vigo", dos diferentes espazos do inmovible.

d) En materia de Emprego e Economía.

1. O deseño e dirección das políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego, tal e como:
 - a) Apoio ao emprendemento mediante as convocatorias e axudas e subvencións á creación de empresas.
 - b) Fomento dos Proxectos empresariais de interese municipal (PEIM).
2. O deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras.
3. Deseño, dirección e coordinación de proxectos financiados pola Unión Europea, relacionados coa formación, o emprego e o desenvolvemento local.
4. Impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego.
5. Impulsar, coordinar e supervisar os proxectos construtivos e obras en locais e terreos municipais, executados polo persoal dos programas de inserción laboral.

e) En materia de relación cos sindicatos.

1. Actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais da cidade, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade.
2. Planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.

f) En materia de Voluntariado.

1. Dirixir e xestionar a Oficina Municipal de Voluntariado (OMD).

2. Xestionar a páxina web da oficina.
3. Xestionar as bases de datos de persoas voluntarias e participantes no programa de “Traballos en Beneficio da Comunidade (TBC)”.
4. O deseño e desenvolvemento de actividades formativas dirixidas ás persoas voluntarias e ás entidades de voluntariado.
5. A dirección e coordinación do voluntariado da cidade.
6. O deseño e coordinación de campañas de sensibilización e fomento do voluntariado.
7. Coordinar e xestionar cos servizos municipais participantes o convenio de colaboración co Ministerio de Interior, do programa de “Traballo en Beneficio da Comunidade”.

(...)

5.- ABEL LOSADA ÁLVAREZ. Área de Cultura

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de cultura, equipamentos culturais do Concello (bibliotecas), Auditorio municipal, Rede de Museos Municipais e colaboración Fundación MARCO, así como a xestión da programación cultural do Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo e en particular :

a) En materia de Cultura.

1. Establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución das políticas públicas municipais en materia de Cultura e Bibliotecas. Conformar os programas anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas.
2. Exercer as competencias municipais en relación coa dirección, de acordo coas normas específicas que regulan cada un dos equipamentos culturais do Concello, como a Biblioteca Pública “Juan Compañel” en coxestión coa Xunta de Galicia, a Biblioteca Municipal “Neira Vilas” e a Casa Galega da Cultura, agás as competencias que as normas específicas de cada equipamento atribúa á Alcaldía-Presidencia ou a outro órgano municipal.
3. Centralizar o rexistro de peticións de ISBN que realicen as unidades do Concello para a súa publicación, así como conservar un exemplar de cada unha das obras publicadas nas bibliotecas municipais.
4. Planificar, dirixir, e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, vixilancia, limpeza, e subministracións das dependencias adscritas.



Concello de Vigo

5. O fomento da creación literaria e a promoción do libro e da lectura, así como o fomento e xestión dos servizos bibliotecarios municipais.
6. O fomento, a promoción e axuda de entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais.
7. Elevar ao Pleno do Concello, en colaboración cos servizos de Cartografía, Estatística e de Normalización Lingüística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais, instruindo, para estes efectos, os expedientes que correspondan.
8. Provisión e fomento de servizos bibliotecarios que posibiliten o acceso á información, apoio á formación, promoción lectora e desenvolvemento persoal e cultural. Impulso dos instrumentos de planificación, programas funcionais e plans anuais de acción do servizo bibliotecario. Resolución dos expedientes de doazón gratuíta de fondos.
9. Elevar ao Pleno do Concello, previos os trámites regulamentarios correspondentes, a concesión de medallas, honores e distincións.
10. Canalizar a difusión cultural do Concello centralizando a información dispoñible sobre programas, servizos, equipamentos, etc., mesmo en fase de proxecto ou preparación, coordinando as diversas unidades administrativas que aborden a oferta cultural.
11. A xestión do Auditorio Municipal en relación á programación municipal que nel se desenvolva, e/ou as xestións e autorizacións de solicitudes de utilización por parte de entidades públicas, privadas, xurídicas ou físicas e, así mesmo, planificar e xestionar as accións precisas para garantir a súa conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control.
12. O seguimento da xestión cultural e da programación do Auditorio Pazo de Congresos "Mar de Vigo".

b) En materia de museos.

1. Establecer as directrices xerais e a política municipal da Rede de Museos Municipais, conformar os programas anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas.
2. Exercer as competencias municipais en relación cos equipamentos da Rede de Museos Municipais para o seu impulso, promoción, xestión e coordinación, agás as competencias que as normas específicas de cada equipamento atribúa á Alcaldía-Presidencia ou a outro órgano municipal, en particular:

a) Museo Municipal "Quiñones de León"-Pazo de Castrelos.

- b) Verbum-Casa das Palabras.
 - c) Casa das Artes.
 - d) Pinacoteca Municipal “Francisco Fernández del Riego”
 - e) Centro de Arte Fotográfica de Vigo-CAFVI.
 - f) Centro de Artesanía Tradicional-CAT.
3. Planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, vixilancia, limpeza, e subministracións das dependencias anteriormente descritas.
 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.
 5. O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística, así como a programación de exposicións e outras expresións plásticas nos equipamentos que forman parte da Rede de Museos Municipais.
 6. Xestionar a conservación, investigación e divulgación das coleccións e bens artísticos adscritos á Rede de Museos Municipais, en especial as do Museo Municipal “Quiñones de León” (incluíndo a de arqueoloxía), a do Arquivo Fotográfico Pacheco, colección fotográfica municipal, colección Luís Torras, colección de arte galega da Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego e colección de artesanía do CAT.
 7. Xestionar programas de desenvolvemento das coleccións e bens artísticos actuais, tanto no relativo á incorporación de novos elementos (adquisicións, doazóns, depósitos...), como ao préstamo temporal de elementos das mesmas; en ambos casos, establecendo as condicións e requisitos correspondentes.
 8. Promover estudos de públicos obxecto das actividades e programas da Rede de Museos Municipais.

(...)

10.-PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO. Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Seguridade, en particular, a dirección, organización e coordinación coas respectivas Xefaturas os Servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as Xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito ao mesmo, e a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e ocupación de dominio público. Así mesmo corresponderalle competencias en materia de contratación e xestión municipal a cal abrangue competencias en materia de Réxime Interior, Recursos Humanos e Formación, así como a relación cos órganos directivos municipais, Administración Electrónica, obxectivos do desenvolvemento sosti-



Concello de Vigo

ble (ODS) Protección de Datos, rexistros, información e arquivos. En particular lle corresponde

a) En materia de Seguridade.

1. Dirixir, organizar e coordinar coas respectivas Xefaturas os servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito aos mesmos.
2. Exercer as atribucións conferidas á Alcaldía pola normativa reguladora en materia de protección da seguridade cidadá, de Forzas e Corpos de Seguridade, de coordinación de policía locais de Galicia, utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos e, en xeral, as competencias que lle atribúan á Alcaldía pola normativa regulamentaria de desenvolvemento daquela lexislación, excluídas aquelas outras competencias que, tendo orixe noutros réximes legais sectoriais, regulen ámbitos concretos da seguridade pública, entre outros, en materia de urbanismo, medio ambiente, sanidade, consumo, transportes, ... etc.
3. Exercer, en materia de Protección Civil e Emerxencias, as funcións que legalmente lle resulten atribuídas á Alcaldía Presidencia de conformidade co disposto na normativa reguladora de réxime local, de Protección Civil e o seu desenvolvemento regulamentario; nas leis autonómicas de Emerxencias e de Acción Voluntaria e o seu desenvolvemento regulamentario; así como a normativa municipal de aplicación.
4. Incoar, tramitar e resolver os procedementos sancionadores, e ditar requirimentos ou ordes de execución, susceptibles de ser instruídos en aplicación da normativa anterior, excluídos todos aqueles que, en cumprimento de calquera outra lexislación sectorial de concorrente aplicación ao ilícito cometido, resultasen competencia delegada doutras áreas, entre outros, en materia de disciplina urbanística e outras formas de intervención administrativa relacionadas coa ordenación dos usos do solo, medio ambiente, consumo, sanidade, comercio, transportes, ... etc.

b) En materia de Tráfico e estacionamento de vehículos.

1. Planificar, dirixir e executar a través da Xefatura da Área de Mobilidade e Seguridade a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade, en particular:
 - a) A elaboración, proposta e seguimento das políticas viarias dirixidas a unha mobilidade segura e sostible, a través da elaboración de plans e programas de seguridade viaria, en coordinación no seu caso coa Dirección Xeral de Tráfico.
 - b) O impulso da investigación en materia de seguridade viaria, factores influentes e impacto de medidas específicas, incluíndo a coordinación con institucións de

carácter científico e técnico, e en particular coa Dirección Xeral de Tráfico.

- c) O fomento da educación viaria.
- d) A comunicación e divulgación relacionada co tráfico e a seguridade na circulación viaria.
- e) A regulación, xestión e control do tráfico en vías urbanas e travesías, así como a planificación, dirección e coordinación das instalacións e tecnoloxías para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico e mellora da seguridade viaria naquelas.
- f) O establecemento das directrices para a formación e actuación dos axentes da autoridade en materia de tráfico e circulación de vehículos a motor, sen prexuízo da competencia autonómica en materia de coordinación das policía locais.
- g) A tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, a tramitación e formulación de declaracións de nulidade e a resolución de reclamacións previas á vía xudicial.

- 2. Realizar as declaracións de abandono de vehículos, para os efectos do previsto na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria; sen prexuízo das competencias delegadas que se lle encomendan á Concellería de Medio Ambiente para sancionar o abandono do vehículo.
- 3. A supervisión, control e fixación de toda clase de ordes e instrucións que deban ser cumpridas polos concesionarios dependentes da Área (XER, retirada de vehículos, sinalización horizontal e vertical, servizo de instalacións e regulación, control e información do tráfico), segundo a lexislación xeral e ós pregos das súas respectivas concesións.

c) En materia de utilización/ocupación do dominio público e de espectáculos públicos.

- 1. Emitir informe con motivo da ocupación do sistema viario público que resulten necesarias en aplicación do previsto na normativa reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública, así como calquera outra ocupación do sistema viario derivada da execución de obras públicas promovidas por outros departamentos municipais ou por outras administracións, así como as ocupacións dos espazos viarios que resulten necesarias en execución dos procesos de transformación urbanística ou territorial do solo.
- 2. Emitir informe con motivo das ocupacións do sistema viario que resulten necesarias para a implantación de mercados tradicionais ou populares



Concello de Vigo

promovidos por outros departamentos municipais e nas solicitudes de licenza de venda ambulante.

3. Emitir informe con motivo da realización dos eventos deportivos obxecto de regulación no Anexo II do Regulamento Xeral de Circulación aprobado polo RD 1428/2003.
4. Exercer as atribucións conferidas á Alcaldía en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas pola normativa en materia de seguridade cidadá e o seu desenvolvemento regulamentario, estatal ou autonómico; así como pola normativa sectorial de aplicación.
5. Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen a preceptiva autorización por particulares, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.

d) En materia de Contratación.

1. Impulsar a tramitación dos procedementos de contratación.
2. Formalización e sinatura dos contratos maiores, e cantos documentos se deriven da execución dos contratos municipais no seu ámbito material de competencia.
3. Impulsar a tramitación dos expedientes relativos á modificación, resolución e liquidación dos contratos e a tramitación dos recursos especiais en materia de contratación.
4. A Xestión integral das marcas e demais dereitos de propiedade industrial do Concello de Vigo.
5. Coordinar e dirixir a actividade de apoio á Mesa de Contratación do Concello de Vigo.
6. Velar polo mantemento e actualización constante da información relativa á actividade contractual deste Concello no perfil de contratante.

d) En materia de Xestión Municipal.

1. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa, xestión económico-financeira e demais competencias delegables en relación coa área administrativa de Alcaldía e o seu persoal.
2. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, así, como de existir, en relación cos postos de

colaboración aos mesmos, nos termos derivados da normativa aplicable (entre outros, provisión depostos, encomendas, peticións de informe, etc).

e) En materia de Goberno Aberto e Transparencia.

1. Implantación, desenvolvemento e execución das políticas públicas de Goberno Aberto, promovendo a súa transversalidade no conxunto da organización municipal.
2. Impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública, mediante a publicidade activa no Portal de Transparencia e a publicidade pasiva, integrando os procedementos administrativos correspondentes.
3. Planificar, deseñar e executar a estratexia municipal para garantir a implantación, desenvolvemento e execución das políticas públicas e obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno, implicando e coordinando a totalidade da organización municipal no marco das súas áreas funcionais.
4. Promover e coordinar as accións municipais para o cumprimento dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible dentro da Axenda 2030, así como os procesos de identificación, implementación e monitoreo.

f) En materia de Administración Electrónica.

1. Asumir as competencias relacionadas coas tecnoloxías da información e o desenvolvemento da Sociedade da Información e, en particular, en relación cos proxectos de Cidade Intelixente.
2. Impulsar a apertura e a reutilización de datos como un medio de xerar valor público e transferir coñecemento á cidadanía.
3. Garantir o cumprimento e desenvolvemento das normativa aplicable en materia de administración electrónica, en particular, a relativa ao Esquema nacional de seguridade (ENS) no ámbito da Administración Electrónica e ao Esquema nacional de interoperabilidade (ENI) no ámbito da Administración Electrónica.
4. Propor e coordinar a política municipal TIC dunha forma transversal integrando os intereses das distintas areas e servizos.
5. Planificar, coordinar e supervisar as actuacións en materias referentes ao uso de ferramentas tecnolóxicas, hardware e software de xeito que se impulse un uso eficiente e eficaz das mesmas.
6. Xestión, administración e mantemento das comunicacións de datos na totalidade das sedes municipais.
7. Xestión administración e mantemento do equipamento tecnolóxico existente nas distintas sedes municipais.



Concello de Vigo

8. Xestión e administración das distintas aplicacións de xestión municipal.
9. Aprobación de formularios, modelos e impresos municipais a proposta das diferentes Concellerías Delegadas.

g) En materia de rexistros, información e arquivos.

1. Xestionar a Oficina de asistencia en materia de rexistro e o seu funcionamento conforme ao marco normativo vixente en cada momento e coordinar, no seu caso, as distintas oficinas municipais de asistencia en materia de rexistros
2. Xestionar as relacións interadministrativas en termos de interoperabilidade e interconexión do Rexistro Electrónico municipal
3. Xestión do Arquivo municipal e adopción das medidas precisas para garantir a conservación dos fondos documentais conforme co establecido no marco normativo de aplicación.
4. Coordinar, aplicar, supervisar e xestionar a política de xestión documental cara ao Arquivo Electrónico único.
5. Dirixir, organizar e coordinar a rede de atención á cidadanía mediante o servizo de atención telefónica que se canaliza a través do 010 e servizo telemático a través do portal web institucional, canais de atención en redes sociais, aplicacións móbiles.
6. Propor medidas e accións para incrementar o acceso e utilización da información e mellorar a atención á cidadanía respecto dos servizos que presta e, en xeral, sobre a cidade de Vigo en todos aqueles temas de interese para a cidadanía

h) En materia de recursos humanos e persoal.

1. A planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas establecidas polo Goberno Municipal en materia de planificación e xestión de recursos humanos, xunto co establecemento dos criterios e directrices básicas de articulación das mesmas, abarcando a proposta aos órganos municipais competentes de medidas de racionalización de cadros de persoal e contención do gasto público en materia de persoal, así como todas aquelas relativas á xestión dos recursos humanos; medidas de fomento da mobilidade interdepartamental tendentes á optimización dos efectivos municipais e propostas á Xunta de Goberno Local de adecuacións retributivas ou reconfiguración de postos de traballo, incluíndo igualmente a determinación das condicións de traballo en interlocución cos órganos de representación sindical dos empregados/as públicos municipais.
2. Desenvolver a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, entendendo por tal o exercicio das potestades derivadas da inmediata dirección do persoal municipal e a totalidade das decisións que impliquen xefatura non atribuídas expresamente a outros órganos, incluíndo a do corpo de Policía Municipal e a do Servizo de Extinción

de Incendios e Salvamento.

3. Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal relativo á estrutura e organización interna do Concello, concretada na determinación dos niveis esenciais de organización municipal e, entre eles, as grandes áreas do goberno, así como ao órgano competente o organigrama municipal contendo a estrutura das Áreas e Servizos no marco da organización municipal.
4. Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos Plans de Formación do persoal municipal elaborados pola Área de Recursos Humanos e Formación, presidindo a Comisión Paritaria de Formación, coordinando coas Concellerías-Delegadas de Área e demais delegados a formación e capacitación do persoal municipal.
5. En materia de prevención de riscos laborais, vixiar e controlar as condicións de seguridade e hixiene no traballo, presidindo o Comité de Seguridade e Saúde Laboral e designando aos seus membros; e velando polo cumprimento da normativa vixente na materia, ostentando igualmente a competencia en nome do Concello nas relacións coa Inspección de Traballo e coa Autoridade Laboral.
6. Realizar as funcións de interlocución como representante do Goberno Municipal nas relacións cos órganos de representación sindical dos empregados públicos municipais, desenvolvendo a política municipal nesta materia e ostentando a Presidencia da Mesa Xeral de Negociación, como parte lexitimada ao efecto.
7. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo relacionados co persoal municipal, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos.
8. Participar como un dos representantes da Corporación na Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador das Condicións de Traballo.
9. Ditar as instrucións precisas para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais en coordinación coa Concellería-delegada da Área de Orzamentos e Facenda, asinando o proxecto que pola Unidade de Planificación e Organización se elabore.
10. Convocar a Mesa Xeral de Negociación e para a realización das sesións dos grupos de traballo que se constituísen no Concello de Vigo.
11. Ostentar a representación legal do Concello de Vigo nos procedementos que se sigan perante a Inspección de Traballo, Autoridade Laboral e outras administracións públicas en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais.
12. A representación legal do Concello na sinatura dos contratos laborais, así como os actos derivados dos mesmos, a dita delegación incluírá a non superación do período de proba e a sinatura de actos de trámite y resolución das incidencias producidas no



Concello de Vigo

marco das ditas relacións contractuais.

13. O impulso, en colaboración coa Concellería-Delegada en materia de Igualdade, das actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de Igualdade no Concello de Vigo.
14. A competencia para a designación de funcionario/a público autorizado/a para a comparecencia perante a Inspección de Traballo, Seguridade Social e Autoridade Laboral.

i) En materia de Réxime Interior.

Dirixir e xestionar as dependencias de Estatística, ademais da Unidade de Conserxería e Notificación e o Almacén municipal, conforme cos principios de eficacia, economía e racionalización do gasto, promovendo as políticas de compra intelixente.

En relación co Servizo de Estatística:

1. Dirixir a xestión do Padrón Municipal de Habitantes efectuando a través dos medios informáticos axeitados as actuacións e operacións necesarias para a súa actualización e revisión, comunicando e coordinando as mesmas cos rexistros dos padróns fiscais.
2. Manter cos órganos e organismos da Administración do Estado, especialmente co Instituto Nacional de Estatística, Rexistro Civil e Oficina do Censo Electoral o intercambio de información e coordinación precisa.
3. Acordar a baixa das inscricións duplicadas ou inscricións indebidas no Padrón Municipal de Habitantes.
4. Declarar de oficio a inscrición padronal da veciñanza incurso nos supostos legais que corresponda.
5. Acordar a baixa por caducidade das subscricións padronales dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente que non sexan renovadas cada dous anos, nos termos establecidos en cada momento pola normativa, e instrucións de aplicación.
6. Expedir as certificacións de empadroamento e dos resúmenes numéricos do padrón.
7. Dirixir a xestión do rúeiro municipal mantendo actualizada a nomenclatura e rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios, dando parte aos Rexistros da Propiedade e coordinando coa Xerencia Municipal de Urbanismo a elaboración da cartografía axeitada (Guías urbanas).
8. Emitir os informes do número de policía das rúas para engadir aos expedientes de solicitude de licenza de obras, segundo acordo da Xerencia Municipal de Urbanismo.

9. Ordenar a revisión anual da relación de entidades e núcleos de poboación e a división en seccións do termo municipal.
10. Proporcionar ao Servizo de Estatística as axudas materiais e persoais que sexan necesarias nos distintos procesos e convocatorias electorais.

(...)

Segundo.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución a todo/as os Concelleiros e Concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.

Cuarto.- Comunicar a presente Resolución ás Xefaturas das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na Sede Electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sexto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(747).- PROPOSTA DE MODIFICACION DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS. EXPTE. 601/1102.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta da proposta de data 07/09/2022, asinada pola secretaria de Admón. Municipal, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo alcalde, que di o seguinte:

Con data 6.09.2022, a Alcaldía-Presidencia ditou sendas resolucións modificando a estrutura existente das áreas de Goberno Municipal e consecuentemente as



Concello de Vigo

correspondentes delegacións de competencias nos concelleiros/as delegados/as de área. Estas modificacións afectaron as áreas iniciais de Economía, Seguridade,Emprego, Contratación,Patrimonio e Xestión Municipal e creouse *ex novo* a área de Fondos Europeos.

Á vista das modificacións introducidas polas anteditas Resolucións, resulta preciso axustar a delegación das competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as delegados/as de área e nos demais delegados de competencias , polo que, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, procede formular á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados/as de competencias eliminando o apartado VI e modificar os seus apartados **IV** e **V** que quedarán redactados nos seguintes termos:

IV.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, FONDOS EUROPEOS, PATRIMONIO E EMPREGO

En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á Xerencia Municipal de Urbanismo.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistras de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistras, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistras que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.
3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo.

En materia de Emprego

A contratación polos procedementos legalmente establecidos e a extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

(...)

V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, E XESTIÓN MUNICIPAL.

En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Outorgar as autorizacións de ocupación da vía ou espazo público de titularidade municipal previo informe do servizo que proceda no ámbito das súas competencias sempre e cando a autorización/licenza non estea suxeita ao réxime de concorrencia e non estea atribuída pola especialidade da materia a outra área delegada.
3. Outorgar a autorizacións as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vado), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos ata os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Outorgar as autorizacións das cacharelas de San Xoán e queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.
5. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas acordo de:
 - a) Reserva de estacionamento e paradas
 - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
 - c) Concesión de licenzas de terraza na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público agás a aprobación dos proxectos en rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables segundo o disposto no artigo 19 da Ordenanza municipal reguladora da instalacións de terrazas en espazos de uso público do Concello de Vigo.
6. Outorgar as autorizacións de ocupación de dominio público con motivo da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que con carácter ocasional se leven a cabo en vías ou espazos público de titularidade municipal, sempre que non estean suxeitas ao réxime de concorrencia e non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.



Concello de Vigo

7. Concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinario que se celebren en vías ou espazos público.
8. As facultades inherentes ao réxime de control administrativo respecto de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren en vías ou espazos públicos.
9. Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen título habilitante, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.
10. Exercicio da potestade sancionadora polo incumprimento das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, coa colaboración da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable.

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.

8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.
9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)
10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.

En materia de Xestión Municipal

A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten na área de Alcaldía, efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos da área de Alcaldía e a tramitación e adxudicación dos contratos menores da Alcaldía.

En materia de Recursos Humanos

1. Conceder os permisos e licenzas de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último suposto á Xunta de Goberno Local.
2. Recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. Determinación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. Autorización das atribucións provisionais de funcións, dando conta ao órgano delegante.
6. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.



Concello de Vigo

7. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
8. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.
9. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Execución dos requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
11. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
12. Adoptar as medidas necesarias para a reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.

En materia de SPPRL

1. Garantir un sistema eficaz de xestión de seguridade e saúde laboral, buscando a súa mellora continua.
2. Determinar os mecanismos que permitan cumprir as obrigas en materia de seguridade e saúde laboral - formación, información, vixilancia da saúde, etc...- esixidas pola normativa vixente.

3. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
4. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, etc...- propostos por cada concellería delegada.
5. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellería-delegada e/ou polo SPPRL.

(..)

Segundo.- Notificar a presente resolución ás concelleiras afectadas e demais concelleiros e concelleiras delegados de área, para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(748).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO (2022 – 2025)” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 240777/301.



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 5/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 1/09/2022, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. O 31.08.2022 a Concelleira delegada de Política de Benestar Social, á vista do informe do 30.08.2022 do Xefe de Área de Benestar Social, resolveu iniciar o expediente de solicitude de subvención, perante a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, para o cofinanciamento do «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO (2022 – 2025)».

I.2. O 11.08.2022 publicouse no DOG nº 153 a Orde da Consellería de Sanidade do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G).

Esta Orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar en réxime de concorrencia competitiva a concesión de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas realizados por entidades locais galegas.

I.3. A Concellería de Política de Benestar Social, a través da Comisión de prevención do PLDA («Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións»), elaborou o proxecto de prevención de adiccións no Concello de Vigo para o periodo 2022-2025. Os seus custos desglosados son os seguintes:

	Programas/accións	Persoal	Total
Curso 2022-2023	91.100,00	88.126,26	179.226,26
Curso 2023-2024	91.100,00	88.126,26	179.226,26
Curso 2024-2025	91.100,00	88.126,26	179.226,26
TOTAL	273.300,00	264.378,78	537.678,78
COFINANCIAMENTO CONCELLO DE VIGO: 37.5%			201.629,54
COFINANCIAMENTO XUNTA DE GALICIA: 62.5 % (CONTÍA SOLICITADA)			336.049,24

I.4. Para o desenvolvemento deste proxecto de prevención, o Concello de Vigo asinou este ano un convenio de colaboración (Exp. n.º 232688/301) con tres entidades sociais integrantes do PLDA (“Alborada”, “Amaina” e “Érguete”) cunha achega económica municipal de 84.800€ e no orzamento do Concello figura a aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (“Convenio entidades PLDA 2019-2021”) dotada con 70.000€.

I.5. Ademáis, para a xustificación da subvención solicitada inclúese o 60% dos custos laborais das dúas traballadoras municipais encargadas do Plan de prevención.

I.6. Unha vez notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

I.7. En todo caso, será a Xunta de Goberno Local (Art. 127 LRBRL e Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de delegación de atribucións na XGL), por proposta da Concelleira delegada de Política de Benestar Social e previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, quen deba pronunciarse sobre a aprobación deste Proxecto e sobre a solicitude de subvención á Admón. autonómica.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO (2022 – 2025)», elaborado pola Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, cun custo total de 537.678,78€ (Exp. nº 240777/301).

SEGUNDO: Solicitar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, ó abeiro da Orde do 21 de xullo de 2022 (DOG nº 153, do 11.08.2022), unha subvención por importe de 336.049,24 €, para o cofinanciamento do «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO (2022 – 2025)», aceptándose as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na mesma.

TERCEIRO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Sanidade relacionadas co presente expediente corresponderalle á Concelleira delegada de Política de Benestar Social, D^a Yolanda Aguiar Castro, segundo o Decreto de delegacións de data 18 de xuño de 2019».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(749).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DA INFRAESTRUTURA DE ALTA DISPOÑIBILIDADE E FERRAMENTAS PARA A AUTOMATIZACIÓN DE CENTRALIZACIÓN DE CLAVES E CUSTODIA DE CERTIFICADOS, SELADO DE TEMPO E VALIDACIÓN DE CERTIFICADOS. EXPTE.9864/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico de data 05/09/2022 e o informe de fiscalización do 07/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 06/09/2022, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 26/04/2022 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro da *infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización de centralización de claves e custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados*.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 28/04/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 19/08/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/08/2022 asinado polo técnico responsable de seguridade informática e polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 05/09/2022, asinado polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Memoria económica do contrato de data 12/08/2022, asinada polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

- Informe da Técnica de administración xeral do de Servizo de Contratación de data 05/09/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 06/09/2022.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 16/04/2021 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal mediante resolución de data 07/04/2022 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 18 da LCSP, tramítase como un contrato de mixto de subministrados e servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria establécese o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a de **urxencia** en base ó conforme ao disposto no artigo 50 Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban a medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación e Resiliencia

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de



Concello de Vigo

contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto **urxente** coa finalidade de realizar a contratación do subministro da *infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización de centralización de claves e custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados*, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 28/04/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 19/08/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/08/2022 asinado polo técnico responsable de seguridade informática e polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 05/09/2022, asinado polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Memoria económica do contrato de data 12/08/2022, asinada polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Informe da Técnica de administración xeral do de Servizo de Contratación de data 05/09/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 06/09/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **400.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **69.421,5 €**, dende o 1 de Novembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	concepto	partida	base	Ive.	total
2022	Infraestrutura alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización	9207.6260011 / 22920701	206.611,57 €	43.388,43 €	250.000,00 €

2024	Mantemento hardware e sistemas almacenamento	9207.2279900	41.322,31 €	8.677,69 €	50.000,00 €
2025	Mantemento hardware e sistemas almacenamento	9207.2279900	41.322,31 €	8.677,69 €	50.000,00 €
2026	Mantemento hardware e sistemas almacenamento	9207.2279900	41.322,31 €	8.677,69 €	50.000,00 €
	Total		330.578,5 €	69.421,5 €	400.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(750).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO DE OPERACIÓNS DE SEGURIDADE (SOC) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9924/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/09/2022, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 18/08/2022 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro, instalación e xestión do centro de operacións de seguridade (SOC) do Concello de Vigo

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de seguridade informática, o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 18/08/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 22/08/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/08/2022 asinado polo técnico responsable de seguridade informática e polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 18/08/2022, asinada polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.



Concello de Vigo

- Memoria xustificativa do contrato de data 05/09/2022, asinado polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Informe da Técnica de administración xeral do de Servizo de Contratación de data 05/09/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 06/09/2022.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 16/04/2021 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal mediante resolución de data 07/04/2022 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 18 da LCSP, tramítase como un contrato de mixto de submnistros e servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria establécese o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de

valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a de **urxencia** en base ó conforme ao disposto no artigo 50 Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban a medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación e Resiliencia

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto **urxente** coa finalidade de realizar a contratación do subministro da *infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización de centralización de claves e custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados*, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de seguridade informática, o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 18/08/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 22/08/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/08/2022 asinado polo técnico responsable de seguridade informática e polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 18/08/2022, asinada polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.



Concello de Vigo

- Memoria xustificativa do contrato de data 05/09/2022, asinado polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Informe da Técnica de administración xeral do de Servizo de Contratación de data 05/09/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 06/09/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **445.280,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **77.280,00 €**, dende o 1 de Novembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	concepto	partida/Proxecto	base	ive	total
2022	Subministro e instalación dos equipamentos hardware e software, licencias e subscricións necesarias. Integración cos recursos municipais de seguridade xa dispoñibles. Auditoría externa cara certificación ENS nivel medio.	9207.6410011 / 22920711	220.000 €	46.200 €	266.200,00 €

exercicio	concepto	partida	base	Ive.	total
2023	Servicio de asistencia para acompañamento, monitorización e xestión do SOC 24x7	9207.2279900	37.000 €	7.770 €	44.770,00 €
2024	Servicio de asistencia para acompañamento, monitorización e xestión do SOC 24x7	9207.2279900	37.000 €	7.770 €	44.770,00 €
2025	Servicio de asistencia para acompañamento, monitorización e xestión do SOC 24x7	9207.2279900	37.000 €	7.770 €	44.770,00 €
2026	Servicio de asistencia para acompañamento, monitorización e xestión do SOC 24x7	9207.2279900	37.000 €	7.770 €	44.770,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(751).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez